

2018

2º informe consolidado de achegas. Borrador IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)



Dirección Xeral de Relacións
Exteriores e coa UE

Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas
e Xustiza. Xunta de Galicia

Contido

1. Presentación	2
Contexto	2
Etapas do proceso participativo de planificación	2
Participación cidadá e transparencia	3
2. Resultados do proceso consulta pública	4
3. Alcance do informe e metodoloxía	5
4. Achegas e decisión	5
5. Resume do resultado de decisión	46

Documento elaborado por Xosé Luís Pastoriza Rozas
Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
Xunta de Galicia.

11 de maio de 2018

1. Presentación

Contexto

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia promoveu no primeiro cuadrimestre do ano 2018 o proceso de planificación estratéxica participativa para a elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).

Este proceso desenvolveuse consonte ao previsto na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento que establece no seu artigo 9 relativo á planificación da cooperación para o desenvolvemento:

“1. A cooperación galega para o desenvolvemento artículase a través de plans directores cuatrienais e de plans anuais. 2. Os plans directores serán aprobados polo Parlamento de Galicia por proposta do Consello da Xunta de Galicia, co informe previo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento. Os devanditos plans elaboraranse de acordo coas liñas xerais e as directrices establecidas no Plan director da cooperación para o desenvolvemento do Estado español previsto no artigo 8.2 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, e conterán os obxectivos e as prioridades, xeográficas e sectoriais, así como os recursos orzamentarios que orientarán a actuación da cooperación galega para o desenvolvemento durante o seu período de vixencia.”

Etapas do proceso participativo de planificación

Corresponde á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE integrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como centro directivo competente en materia de cooperación ao desenvolvemento, “a elaboración e o seguimento do plan director e dos plans anuais de cooperación para o desenvolvemento” (art. 19.1.a).

A Dirección Xeral encomendou a facilitación técnica do proceso a Xosé Luís Pastoriza Rozas, consultor galego experto en cooperación para o desenvolvemento, e responsable, á súa vez, do proceso de avaliación externa final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017).

Entre febreiro e marzo de 2018 abriuse un primeiro proceso de consultas cos axentes galegos de cooperación a través de xuntanzas grupais, entrevistas e o envío dun cuestionario online. De vez, habilitouse un correo electrónico para que os axentes de cooperación e cidadanía en xeral realizasen as súas achegas tanto ao documento marco do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) como ao borrador da avaliación final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017). Esta documentación atópase accesible nunha sección específica da páxina web da Cooperación Galega: www.cooperaciongalega.org.

O día 23 de marzo de 2018 presentouse o borrador do IV Plan Director nunha xuntanza pública cos axentes de cooperación, abríndose un período de consultas até o 11 de abril para a recepción de achegas, suxestións e melloras do borrador. A proposta de IV Plan Director presentouse o 18 de abril ante o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, que ten atribuído como función o “emitir informe sobre a proposta dos plans directores e dos plans anuais de cooperación para o desenvolvemento, (art. 22.3.b). A proposta foi informada favorablemente con 19 votos a favor e 6 abstencións.

Posteriormente, a proposta de IV Plan Director informada positivamente polo CONGACODE foi remitida ao Consello da Xunta de Galicia para “aproba-la proposta do Plan director de cooperación para o desenvolvemento, logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e remitirla ó Parlamento de Galicia para a súa aprobación. (art. 16.1.a). Finalmente, o Parlamento de Galicia ten atribuída a competencia de aprobar o do Plan director de cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 15.1) a través de debate parlamentario na Comisión Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

Participación cidadá e transparencia

Na páxina web da Cooperación Galega púxose a disposición dos axentes de cooperación e da cidadanía un espazo de información para incrementar a transparencia do proceso, co fin de que todas aquelas persoas ou entidades interesadas puidesen coñecer os avances do proceso e realizar as súas achegas. Pódese acceder a esta sección [aquí](#).

Nesta sección divulgáronse os seguintes documentos relacionados co proceso:

- Contexto do proceso, etapas de planificación e participación cidadá e transparencia.
- Cronograma da avaliación final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) e proceso participativo para a elaboración do IV Plan Director.
- Borrador do Informe da avaliación final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017).
- Documento marco. IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).
- Informe consolidado de achegas. Documento marco do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).
- Borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).
- Presentación empregada na Xornada pública de presentación do borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).
- Estudo “A implantación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible na Xunta de Galicia”.
- Proposta de IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) enviada ao Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE).
- 2º Informe consolidado de achegas. Borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).
- Informe de participación no proceso de elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).
- Informe da avaliación final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017).

2. Resultados do proceso consulta pública

A elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega promoveu un amplo proceso de consulta pública e debate sobre o horizonte estratéxico da Cooperación Galega para o período 2018-2021.

A consulta pública desenvolveuse en dúas fases.

- A primeira fase realizouse arredor do “Documento marco do IV Plan Director da Cooperación Galega” entre o 21 de febreiro e o 22 de marzo de 2018.
- A segunda fase centrouse no “Borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega” e tivo lugar entre o 23 de marzo e o 12 de abril de 2018.

Os produtos do proceso de consulta pública e os resultados de participación foron os seguintes:

Produto	Persoas/axentes de cooperación participantes
Cuestionario online	47 persoas de 40 entidades
Achegas por escrito ao Documento Marco do IV Plan Director	12 entidades para un total de 63 achegas
Entrevistas grupais/individuais	66 persoas de 38 entidades
Achegas por escrito ao Borrador do IV Plan Director	25 entidades e persoas para un total de 122 achegas
Xornada de presentación do borrador do IV Plan Director	37 persoas de 30 entidades

Os axentes galegos de cooperación e persoas expertas puideron participar e realizar achegas a través de tres medios:

- Presencialmente, a través de entrevistas individuais e xuntanzas grupais.
- A través dun cuestionario online de avaliación do III Plan Director da Cooperación Galega que incluía unha sección de propostas de melloras de cara ao vindeiro IV Plan Director. O cuestionario estivo dispoñible do 24/02/2018 ao 13/04/2018.
- Por escrito, a través de achegas e propostas enviadas ao correo electrónico da asistencia técnica do proceso.

Complementariamente aos espazos e procesos sinalados, o 16 de marzo, o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, e a Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero, celebraron cadansúa xuntanza co Consello Executivo e Secretaría Técnica do Fondo Galego e mais coa Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD para presentar un avance do 1º informe consolidado de achegas ao documento marco do IV Plan Director.

3. Alcance do informe e metodoloxía

Este informe rende contas da decisión adoptada pola Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa UE con relación ás 122 achegas recibidas na segunda fase de consulta pública en relación ao borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega.

A seguir sinálanse algúns dos aspectos metodolóxicos tidos en conta para o tratamento das achegas ao obxecto de elaborar este informe consolidado de achegas.

1. As achegas referidas neste informe son as correspondentes á primeira fase de consulta pública do proceso participativo de planificación estratéxica.
2. A información sobre a achega e sobre a decisión adoptada, tense estruturado consonte aos seguintes campos:
 - a. **Ámbito:** localización das achegas segundo o eido temático.
 - b. **Cód.:** codifícanse as achegas para unha mellor identificación en función do eido temático.
 - c. **Achega:** recóllense todas as achegas e suxestións, concretas e individualizadas.
 - d. **Decisión:** indícase a decisión tomada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, mediante as seguintes categorías:
 - i. **Estimada:** Tómase en consideración a proposta para incorporala á proposta de Plan Director.
 - ii. **Estimada parcialmente:** tómase en consideración parcialmente para incorporala á proposta de Plan Director.
 - iii. **Contemplada:** a proposta xa estaba recollida no borrador de IV Plan Director ou no deseño previamente definido pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
 - iv. **Contemplada parcialmente:** a proposta está recollida no borrador do Plan Director, aínda que non na súa amplitude ou senso exacto.
 - v. **Desestimada:** non se toma en consideración a achega.
 - e. **Motivación:** xustificación ou explicación da decisión tomada.

4. Achegas e decisión

As 122 achegas téñense agrupado e ordenado na táboa seguinte consonte a 14 eidos.

CÓD.	ACHEGA	DECISIÓN	MOTIVACIÓN
1. MARCO ESTRATÉXICO			
ME1	Consideramos que debería facerse mención, no apartado da introdución, ao efecto da crise sobre as entidades de cooperación ao desenvolvemento, xa que supuxo un momento de inflexión e un retroceso importante no sector, tanto en número de entidades activas como en volume de actividade. Este antecedente resulta fundamental para enmarcar o novo Plan e para facilitar a súa comprensión, así coma do contexto xeral da cooperación galega.	Estimada	No III Plan Director facíase mención dos efectos da crise económica e fiscal nos § 3 e 84, tanto respecto da dotación orzamentaria como sobre as capacidades dos axentes e do sistema galego de cooperación no seu conxunto. Aínda que non se mencione expresamente, o IV Plan Director constrúese sobre a necesidade de fortalecer as capacidades do sistema galego de cooperación que se viron afectadas pola crise, tal e como se menciona nas diversas avaliacións do III e IV Plan Director. De todos os xeitos, integrárase un estudo específico sobre os efectos da crise sobre as capacidades dos axentes de cooperación ao abeiro do proceso de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación de axentes (§77) e que constitúe o produto 25 do marco de resultados do IV Plan Director.
ME2	Deberíase de profundar na reflexión sobre o modelo da cooperación galega e sobre o rol que o departamento de Cooperación da Xunta de Galicia e os axentes de cooperación deben desenvolver no marco dunha acción institucional máis estratéxica e de valor.	Contemplada	O IV Plan Director da Cooperación Galega é o resultado dun amplo proceso participativo e de reflexión sobre o modelo da cooperación galega. Neste senso, supéranse as limitacións e puntos críticos do III Plan Director e refórzase o valor diferencial e identidade singular da Cooperación Galega. Complementariamente, O IV Plan Director promoverá estudos e investigacións que permitan fortalecer este valor diferencial que se recollerán anualmente no plan de avaliacións e estudos que formará parte do Plan Anual da Cooperación Galega (§ 72)
ME3	§ 19. A declaración sobre a misión da cooperación galega semella excesivamente longa , suxírese unha redacción mais sintética do estilo: <i>“Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe, financiando accións de solidariedade e coa posta a disposición da súa experiencia colectiva, ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible co fin de erradicar a pobreza nas súas</i>	Estimada parcialmente	Revisouse a declaración de misión da Cooperación Galega (§ 19). Non se acortou a súa extensión xa que se estimou conveniente que figurase unha declaración do impacto das accións da Cooperación Galega (“promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo”) en coherencia coa xestión orientada a resultados de desenvolvemento, así como unha mención do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible.

	<i>múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, favorecer modelos de produción e de consumo sostibles para a conservación do planeta, e contribuír á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa.”</i>		
ME4	§ 19. A misión podería rescatar a idea da garantía do pleno exercicio das autonomías e dos dereitos humanos das mulleres e das nenas como una forma directa de reducir ou erradicar a pobreza.	Contemplada parcialmente	A redacción da misión do IV Plan Director integra a mención á “realización efectiva dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais” sen especificar colectivo específicos. Polo carácter xeral da declaración de misión, remítese a atención específica a mulleres e nenas no apartado 4.3. no que se describen os colectivos prioritarios da Cooperación Galega en coherencia co principio de “non deixar a ninguha persoa atrás” da Axenda 2030 de Desenvolvemento sostible.
ME5	O IV Plan Director debe promover un debate activo entre os axentes galegos de cooperación respecto da pobreza multidimensional e das estratexias para afrontala desde a cooperación descentralizada. Ao tempo, debe procurar a coherencia na acción exterior coa estratexias de loita contra a pobreza e a desigualdade en Galicia promovidas polas administracións públicas. Neste senso, débense abordar tamén as disfuncionalidades económicas, sociais, políticas, culturais, institucionais, que atrancan o acceso aos recursos e oportunidades e afectan á súa distribución, de tal xeito que se exclúen a grupos significativos de poboación dun nivel de vida digno.	Contemplada	O IV Plan Director expresa unha estratexia colectiva de afrontamento da pobreza multidimensional desde a cooperación descentralizada en coherencia coas referencias estatais e internacionais (§ 10). Ao tempo, promove a coherencia de políticas de desenvolvemento sostible na administración autonómica (§ 13 e 57). Por último, as prioridades transversais do IV Plan Director inclúen a equidade e a loita contra as desigualdades (§ 52), e a descrición da cooperación técnica (§ 80) e a aposta polas políticas públicas nos países socios no marco dos principios de apropiación e aliñamento, reforzan a aposta polo traballo en cooperación que permita superar as disfuncionalidades e remover os atrancos para a equidade e igualdade de oportunidades desde os poderes públicos.
ME6	§ 20 La propuesta de visión del IV Plan Director afirma: “la sociedad gallega espera conseguir un mundo donde las personas estén primero”. Proponemos un enfoque de derechos, basándola más en el ejercicio de los derechos de las personas que en la “atención a personas”. La mención especial al colectivo de las	Contemplada	A visión do IV Plan Director (§ 20) alíñase coa visión e cinco esferas da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas mais apostando pola centralidade dos dereitos humanos (realización e exercicio) e intégraos na súa visión, nos seus principios, enfoques, e prioridades transversais. Por outra banda, o enfoque de xestión

	<p>mujeres destaca como especial un colectivo que es transversal a cualquier otro colectivo vulnerable (personas refugiadas, minorías...). Proponemos incluir en la visión el enfoque de género y desarrollo.</p>		<p>orientada a resultados de desenvolvemento reafirma a necesidade de promover un marco de acceso e de exercicio de dereitos por parte dos axentes, persoas e colectivos beneficiarios ou responsables das actividades e resultados.</p> <p>En relación ás mulleres e o enfoque de xénero e desenvolvemento, aparece reflectida esta consideración transversal na descrición dos colectivos prioritarios (apdo. 4.3), no ámbito estratéxico 3 (“Impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia”, § 37) e mais na prioridade transversal 2 (“equidade de xénero”, § 48)</p>
ME7	<p>§ 21. No se incluye un enfoque medioambiental en los enfoques de la Cooperación Galega. Incluir el enfoque medioambiental</p>	Contemplada	<p>O enfoque medioambiental aparece recollida na prioridade transversal 3 (“a defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático”, § 49). Ao tempo, está incluído no enfoque de desenvolvemento sostible (§ 21).</p>
ME8	<p>“A promoción transversalización estratéxica da Axenda 2030 e a súa localización” en los países socios capitalizando las capacidades locales y la descentralización (§ 17) debería contemplar la descentralización en los países socios y el desarrollo local, tal y como están recogidos en la p. 6, par 10 puntos 3 y 4 del Dictamen del Comité Europeo de Regiones sobre “Nuevo consenso europeo sobre desarrollo”. Al traer la descentralización aquí se dota de mayor coherencia interna al documento y se subraya su alineamiento con el trabajo realizado en el Comité.</p>	Contemplada	<p>A descentralización aparece mencionada expresamente no § 28 e como ámbito específico da cooperación técnica (§ 80). De vez, o desenvolvemento local tamén debe coidarse incluído na cooperación técnica e mais no ámbito estratéxico 2, centrado na promoción do desenvolvemento económico local, cunha atención específica á prosperidade compartida dentro dos sectores de pesca e acuicultura e agricultura e desenvolvemento rural e territorial integrado.</p>
ME9	<p>No sé si tendría cabida hacer referencia a la estrategia de crecimiento azul que se está implementando y apoyando en Galicia, y promoviendo en la UE, a nivel internacional y en los países en los que se realiza cooperación. Asimismo, FAO está teniendo gran influencia en ella a través de sus planes de crecimiento azul – “blue growth”- donde precisamente menciona el aprovechamiento de recursos marinos, innovación y desarrollo, emprendimiento, entre otros.</p>	Contemplada parcialmente	<p>A estratexia “Blue Growth” debe coidarse incluída no ámbito estratéxico 2. De todos os xeitos, revisarse a oportunidade de mencionar unha visión máis integral e holística para o ámbito do Mar en cooperación dentro do que se inclúen os sectores pesqueiro e acuícola en liña co establecido no marco do “Crecemento azul” promovido pola Unión Europea</p>

ME10	§ 20. Visión: la modificaría levemente: “A sociedade galega aspira a contribuír coa construción dun mundo onde as persoas sexan o centro sen deixar a ninguén atrás - incluíndo en especial as mulleres, a infancia e os colectivos máis vulnerables-, onde...”	Contemplada parcialmente	A declaración de visión inclúe a mención á construción na súa última frase “e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo”. Co cal cóidase que a dimensión construtiva está reflectida na mesma.
ME11	§ 21. Incluír nos principios da Cooperación Galega, no 5 “...e o desenvolvemento integral das persoas”	Contemplada	O “desenvolvemento integral das persoas” debe coidarse integrado no principio 1 da cooperación galega: “O ser humano debe constituír o centro dos esforzo dos desenvolvemento humano”. Este principio complementase co “enfoque de desenvolvemento humano e das capacidades” que se constrúe sobre a visión dun desenvolvemento integral das persoas.
ME12	§ 21. Criterios cooperación galega. Redactar o segundo criterio: “A axuda debe de ser previsible e sostible”.	Estimada parcialmente	O criterio de sustentabilidade reconécese e intégrase no primeiro criterio que queda redactado “A axuda debe ser eficaz e sostible”.
ME13	A política de cooperación débese de integrar nunha visión máis ampla, como unha actuación non só de acción exterior, senón de “política social global”.	Contemplada parcialmente	A Cooperación Galega tense centrado historicamente na cobertura das necesidades sociais básicas e nos servizos sociais básicos como sectores de intervención centrais na loita contra a vulnerabilidade, pobreza e marxinação. O IV Plan Director reconece esta dimensión global da política social a través do ámbito estratéxico 1, centrado na promoción dos dereitos sociais básicos.
ME14	Neste senso, a Axenda 2030 e a súa transversalización no conxunto da administración autonómica debe de constituír o horizonte global da cooperación galega e o espazo de encontro co resto de entidades sociais.	Contemplada	A transversalización da Axenda 2030 na administración pública galega constitúe unha das principais liñas de traballo reflectidas no IV Plan Director no seu Resultado de Xestión 1 dentro da liña de acción 1.1. “Reforzar a coherencia de políticas en todos os niveis da Administración pública galega” (§ 57). Prevese a creación dun grupo interdepartamental da Xunta de Galicia para a Axenda 2030 e mais a promoción dunha declaración institucional no Parlamento de Galicia en prol da Axenda 2030.
ME15	A política de cooperación ao desenvolvemento como ámbito do poder local debe ser integrada no marco do paradigma da Xustiza Global como espazo de construción colectiva e cidadá desde o local a través dunhas políticas públicas participadas e participativas.	Contemplada	O IV Plan Director transversaliza o paradigma da Xustiza Global na formulación da súa misión, visión e ámbitos estratéxicos. Ao tempo, sitúa a participación cidadá no centro non só do proceso de deseño estratéxico e xestión participada do Plan Director senón como prioridade transversal (§ 53). Ademais, vincula participación cidadá e

			xustiza global na súa consideración da educación para a cidadanía global como ámbito estratéxico: “Isto acadarase a través da participación cidadá inclusiva na proposta de alternativas transformadoras e na definición e construción de institucións e políticas nacionais e internacionais, baseadas en criterios normativos de xustiza social e global para a efectiva realización dos dereitos humanos” (§ 39)
2. MARCO ORZAMENTARIO			
MP1	Cremos que se debora facer tamén alusión ao horizonte orzamentario establecido na recentemente aprobada Estratexia Galega de Acción Exterior, “A Egaex debe así asumir un compromiso humanitario de primeira orde. En materia de Axuda Oficial ao Desenvolvemento, acadarase un compromiso orzamentario de alomenos o 0,2% no horizonte desta Estratexia” ben neste apartado, ou ben, no parágrafo 12 da páxina 6 cando se fala dos “Fundamentos da Cooperación Galega”.	Estimada	O IV Plan Director integrará unha previsión orzamentaria para o período 2018-2021 desagregada anualmente. Neste exercicio de planificación asegúrase un compromiso mínimo realista de crecemento orzamentario, que xa foi comprometido pola Xunta de Galicia co sector, de xeito que partindo dos 5 millóns de euros que actualmente se consignan no programa 331A (concretamente 5.027.160€ no 2018) se dea un crecemento mínimo anual do 11,4% O IV Plan Director establece un calendario público e mínimo de desembolsos consonte a este compromiso adquirido, que sen partir do mínimo solicitado polo sector (6,8 millóns de euros) acadaría esta cantidade no 2021. O horizonte orzamentario da EGAEX recóllese no § 90.
MP2	O IV Plan Director debería de promover o acadar o 0,2% do orzamento total consolidado da Xunta de Galicia.	Desestimada	Para que o orzamento de cooperación acadara no ano 2021 o 0,2 % do orzamento total da Xunta, tendo en conta que na actualidade está no 0,05% tería que incrementarse anualmente en máis dun 60% para así chegar aos 21 millóns de euros no 2021, que representaría o 0,2% dos orzamentos da Xunta para ese ano (estimado sobre a base dun crecemento anual medio dun 3%).
MP3	Acogemos con satisfacción el IV Plan Director de la Cooperación gallega para los próximos años (2018-2021) y celebramos el esfuerzo del personal técnico en el trabajo de alineación de los compromisos de la cooperación gallega con la Agenda 2030 y los	Contemplada	O programa 331A integra os capítulos I, IV, VI, VII xestionados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE. Descontados os capítulos I e VI, destinaranse os recursos coa seguinte distribución (§ 29):

	Objetivos de Desarrollo Sostenible. Sin embargo, el borrador no va acompañado de una memoria económica pormenorizada de los focos de inversión que se realizarán y tan sólo se menciona “O programa 331ª de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual o superior ao 11,4%”. Aunque celebramos que se incremente el volumen de crecimiento, creemos que es un dato demasiado amplio y no se concreta en las partidas a las que irán destinadas		<ul style="list-style-type: none"> - 10-15% a Acción Humanitaria. - 10-15% a Educación par o desenvolvemento e a cidadanía global. - 60-75% a Cooperación Exterior. <p>Dos recursos desembolsables no exterior, un 80% se destinará a cooperación, e un 20% a acción humanitaria (§ 64).</p>
3. PRIORIDADES TRANSVERSAIS			
PT1	Rescatar a idea de promover una cultura da igualdade no conxunto das políticas públicas e nos programas e necesidade da transversalización a todos os niveis, incluídos nos instrumentos.	Estimada	O IV Plan Director reconece a equidade de xénero entre as súas prioridades transversais (§ 48) e inclúe a transversalización da mesma nas actuacións e instrumentos da Cooperación Galega. Por outra banda, no ámbito estratéxico 3 (“Impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia”) recoñécese o impulso dunha cultura de igualdade no marco xurídico e institucional.
PT2	§ 49. Prioridad transversal 3 Mencionaría el Acuerdo de París 2015 y profundizaría un poco más en él ya que complementa los ODS aprobados ese mismo año y conforman la agenda global hasta 2030	Contemplada parcialmente	No texto do IV Plan Director non se menciona expresamente o Acordo de París sobre Cambio Climático. De todos os xeitos, incorpórase o seu marco de traballo tal e como se reflicte na Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible e nos ODS.
PT3	§ 53. Prioridad transversal 3 Incluir “riscos que poidan xurdir a nivel ambiental, económico, social e político”. Este enfoque de resiliencia tende a reforzar as capacidades dos grupos máis vulnerables ante os riscos que poidan xurdir a nivel ambiental, social e político	Estimada	Introdúcese a redacción suxerida no § 53.
PT4	§ 50. Agradecemos que la infancia esté presente de manera explícita tanto en la visión de la cooperación gallega, como en el	Estimada parcialmente	A atención pola infancia e o enfoque de dereitos da infancia no IV Plan Director aparece recollido no seu ámbito estratéxico 3 (“Impulsar

	<p>ámbito estratégico n. 3 y en los colectivos prioritarios del borrador del Plan. Sin embargo, nos parece también pertinente que quede recogido explícitamente dentro de la prioridad transversal número 3: Centrada en el enfoque basado en derechos humanos. Creemos que debería incluirse en este punto el enfoque de derechos de infancia. Las necesidades específicas y derechos concretos de los niños y las niñas hacen necesario reconocer de manera explícita la perspectiva de los derechos de la infancia. El implementar o no este enfoque, marcará la calidad e impacto de nuestras intervenciones de desarrollo: objetivos, resultados, líneas, estrategia y recursos. Si queremos que las intervenciones de los actores de la Cooperación Galega generen un impacto positivo en las vidas de millones de niños y niñas resulta fundamental que el IV Plan Director promueva el enfoque de derechos de infancia en las áreas que son críticas para este colectivo.</p>		<p>a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia”) (§ 37) e na definición dos colectivos prioritarios (§ 55). Para facer máis explícita esta atención específica aos dereitos da infancia e do resto de colectivos prioritarios a redacción da prioridade transversal 3 (§ 50) queda como segue: “Dentro deste enfoque de dereitos humanos prestarase unha especial atención á protección e realización dos dereitos humanos dos colectivos prioritarios descritos no apartado 4.3.”.</p>
PT5	<p>§ 49. Recoñécese a necesidade de insistir tanto na sustentabilidade ambiental como na loita contra o cambio climático, e na redución das vulnerabilidades e efectos de dito cambio climático, que incidirán de forma máis directa e prexudicial sobre as poboacións máis empobrecidas, como desafío común e aspecto nuclear dos retos planetarios e da humanidade a curto prazo. Neste senso insítese na necesidade de ser esixentes na demanda de atención do conxunto das actuacións dos axentes da cooperación galega desta prioridade transversal. En conexión con este punto, tamén se demanda unha atención esixente á integración do enfoque de resiliencia en todas as intervencións da cooperación galega (§ 53).</p>	Contemplada	<p>O IV Plan Director da Cooperación recoñece a importancia da sustentabilidade ambiental e da loita contra o cambio climático na súa prioridade transversal 3 (§ 49). Todas as intervencións financiadas pola Cooperación Galega deberán expresar como integran a devandita prioridade transversal. O mesmo acontece no caso da resiliencia, que se define na prioridade transversal 7 (§ 53).</p>
4. COLECTIVOS PRIORITARIOS			
CP1	<p>§ 55. “As mulleres e nenas..”: Corregiría esta frase pues las mujeres por el hecho de ser mujer no son vulnerables. Lo son cuando se encuentran en situaciones de desigualdad, violencia,</p>	Desestimada	<p>A situación da vulnerabilidade das mulleres recoñécese no Plan Director como estrutural derivada da existencia dun sistema patriarcal que orixina situacións de discriminación, desigualdade,</p>

	etc....		vulnerabilidade, exclusión, marxinación, invisibilización polo mero feito de ser muller. Xa que logo, a consideración das mulleres e nenas como colectivos prioritarios non demanda a existencia ou verificación efectiva dunha situación de desigualdade, violencia. Esta postura é coherente coa promoción dunha cultura de igualdade, tal e como se afirma no § 37 e na prioridade transversal 2, (§ 48).
5. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS			
PX1	§ 44.Países prioritarios. El propio texto hace referencia a que la cooperación gallega se concentra en países de ingreso medio bajo y alto. Priorizar más países con índices de ingreso bajo, como Angola, que cumpliría además otros criterios de priorización.	Contemplada	O IV Plan Director define 11 países como prioritarios con base na experiencia, capacidade e alianzas dos axentes galegos de cooperación. Destes 11 países, 2 son PMA situados en África Subsahariana (Guinea Bissau e Mozambique). Ao tempo, as convocatorias de proxectos no exterior outorgarán a mesma puntuación aos países prioritarios e aos PMA e tamén aos países cun IDH baixo en África Subsahariana, nos que se incluíría Angola.
PX2	En resumen, el análisis de las dificultades que existen para avanzar con 7 Objetivos de Desarrollo Sostenible en la Agenda de Desarrollo Post-2015, que a su vez son derechos humanos básicos fundamentales para el progreso y desarrollo de un país, y las cifras macros y relativas en el acceso a estos derechos humanos en India que se han detallado a lo largo de este análisis, planteamos la necesidad de que la Xunta de Galicia incluya a India como país prioritario.	Desestimada	A Cooperación Galega carece de experiencia e tradición en cooperación na India. Malia que a Xunta de Galicia e algúns Concellos e Deputacións teñan financiado puntualmente intervencións en India, o cativo volume de recursos desembolsados e a inexistencia dun ecosistema plural de axentes galegos de cooperación motivan que se desestime a devandita demanda de recoñecemento.
6. ÁMBITOS ESTRATÉXICOS			
AE1	§ 29. Entendemos que non se pode prever que porcentaxe de AOD se canalizará ao novo sector prioritario de “Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.” dado o protagonismo que teñen os instrumentos de convocatoria para a canalización de fondos. Sen embargo cremos que sería recomendable que anualmente se	Contemplada	A definición de ámbitos estratéxicos procura ofrecer un marco de traballo máis flexible para os axentes de cooperación. A introdución do novo ámbito estratéxico incluírá o establecemento de incentivos nos criterios de valoración das propostas presentadas a financiamento da DXREE e UE polos axentes de cooperación. Ao tempo, para evitar rixideces, tense coidado oportuno non definir moi polo miúdo os

	analizara que porcentaxe de fondos se destina a este novo sector para avaliar si a incorporación do mesmo está a ter os efectos oportunos, e aplicar, no seu caso, os incentivos axeitados.		recursos destinados a cada un dos ámbitos estratéxicos (1,2, 3) da cooperación exterior. Será o resultado da valoración das convocatorias de axudas a que determine a asignación definitiva de recursos desembolsados en cada un dos sectores.
AE2	No R.X.3. “A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas”, inclúense dous indicadores distintos da porcentaxe de canalización de fondos para AH. Non entendemos porque: “3.1.2. O 10-15% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.”. “3.2.1. Un 20% dos recursos desembolsables no exterior da DXRREE e UE destinarase a acción humanitaria.”	Contemplada	En relación a 3.2.1, o cálculo realízase do seguinte xeito: do 100% da axuda desembolsable no exterior (cooperación e acción humanitaria), un 80% se destinará a cooperación, e un 20% a acción humanitaria. En relación a 3.1.2, o cálculo realízase do seguinte xeito: do 100% da axuda distribuíble a través de convocatoria e convenios aos axentes de cooperación, un 10-15% destinarase ao ámbito estratéxico da acción humanitaria.
AE3	Se habla de los ámbitos estratégicos y se relaciona con los ODS. Faltan los objetivos 10 y 13. El ámbito 4 no se relaciona con ningún objetivo. Ámbito 1.- incluir, además, el ODS 8 y 10. Entendemos que el objetivo 8 está incluido ya que se menciona en el párrafo 30 donde se desarrolla el ámbito educativo incluido en este ámbito y se refiere a capacitar a las personas para acceder al empleo, el trabajo decente y el empoderamiento. En el ámbito 4 se podría incluir los ODS 10 y 17. En ámbito estratégico 5 incluir los ODS 13 y 10.	Estimada parcialmente	No § 30 integráronse as suxestións realizadas coa seguinte excepción: Ámbito estratéxico 4: ao tratarse de acción humanitaria cóidase posible transversalizar neste ámbito a práctica totalidade dos ODS. Ámbito estratéxico 5: non se integra o ODS 10 explicitamente. De todos os xeitos, as actuacións en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global deberán integrar a prioridade transversal 6 “a equidade e loita contra as desigualdades”.
AE4	No cadro do § 28 faltan considerar os ODS números 10 e 13. Suxírese introducilos no ámbito estratéxico 4 e no 5. O ODS 10 podería ser considerado no ámbito estratéxico 3.	Estimada parcialmente	
AE5	No §31se menciona la seguridad alimentaria. Sería más adecuado incluir el concepto de soberanía alimentaria, que incluye un enfoque de derechos y participación, sin excluir las acciones que aseguren la seguridad alimentaria	Contemplada	No § 33, dentro do dereito humano á alimentación, integrouse o concepto de seguridade alimentaria. Complementariamente, no ámbito estratéxico 2 menciónase a soberanía alimentaria (§ 36).
AE6	La incorporación de los aspectos del dictamen del Comité de	Contemplada	O IV Plan Director constrúese sobre o valor diferencial que a

	<p>Regiones en el que trabajó Galicia en los ‘retos’ y ‘ámbitos estratégicos’. La transversalización en los ‘ámbitos estratégicos’ de algunos de los retos identificados en el documento como por ejemplo la construcción de resiliencia, el fortalecimiento institucional, la localización, las alianzas multiactor y multinivel, y la transversalización. Un ejemplo de esa transversalización podría ser: AE1, § 32: Fomenten o desenvolvemento de infraestruturas de acceso a servizos básicos de saneamento para dotar de maior capacidade de resposta a nivel local (cf. Dictamen del CdR).</p>		<p>cooperación descentralizada achega á cooperación ao desenvolvemento. O conxunto do documento integra a visión expresa no ditame do Comité de Rexións sobre o “Novo consenso europeo” e do que foi relator o Director Xeral de Relacións Exteriores. A construción de resiliencia aparece mencionada en § 53, o fortalecemento institucional en § 28 e § 80, a localización dos ODS en § 13 e 67, as alianzas multiactor e multinivel en § 67 e 68, e a transversalización en § 13 e 57.</p>
AE7	<p>El PD debe reconocer la educación como un bien público global siendo la educación un derecho catalizador de otros derechos y, en consecuencia, uno de los aceleradores de los ODS. Además, la educación constituye también un Objetivo de Desarrollo Sostenible, el 4, que habla de “Garantizar una educación de calidad, inclusiva, equitativa que brinde oportunidades de aprendizaje a lo largo de toda la vida”. Una educación es de calidad cuando provee de conocimientos y habilidades, pero también de los valores y actitudes fundamentales para desenvolverse en la vida en la cuádruple dimensión recogida en el Informe de la Comisión Delors (1996): <i>aprender a conocer, aprender a hacer, aprender a vivir juntos y aprender a ser</i>. El concepto de calidad debe estar anclado en una visión integral de la educación, ligado no a la excelencia de unos pocos, sino a la equidad, a la inclusión y a la participación de los diferentes actores de la comunidad educativa.</p> <p>La cooperación gallega debe apostar y otorgar prioridad a la educación básica y comprometerse en este IV PD a destinar el 8% de la AOD a educación básica y poner especial énfasis en las cuestiones ligadas a la calidad educativa y al aprendizaje ligado a la equidad y a la inclusión. Hay que establecer un sistema de indicadores adecuado que capte los diferentes elementos que inciden en los procesos de aprendizaje y en la calidad educativa, así</p>	<p>Contemplada parcialmente</p>	<p>A educación aparece recoñecida como un ben público global no § 9 mais referenciada como coñecemento e cultura. Por outra banda, dentro do ámbito estratéxico 1, recoñecese o dereito humano á educación (§ 32) que reflicte o marco establecido no ODS 4.</p> <p>En relación á determinación de porcentaxes en cada un dos sectores de actuación, ao tratarse dunha cooperación a demanda (máis de 70% dos recursos xestionados por ONGD e a través de convocatorias públicas de axudas), non se pode estimar previamente nin a orientación estratéxica nin sectorial das propostas presentadas a financiamento polos axentes de cooperación. Ademais, o proceso de valoración externo das propostas realízase en base á súa calidade e á súa adecuación ás prioridades estratéxicas da Cooperación Galega, de tal xeito que unha proposta no eido da educación básica ou na educación de persoas refuxiadas ou desprazadas recibiría financiamento en función da súa calidade e en función de se a puntuación acadada no proceso de valoración externa lle permite acceder aos fondos dispoñibles. Por último, a orientación xeográfica da axuda en educación tamén estará determinada polas propostas que os axentes de cooperación presenten a financiamento pola DXRREE e UE.</p>

	<p>como los avances en las líneas estratégicas marcadas en el apartado del ODS 4.</p> <p>La cooperación gallega debe trabajar en educación con enfoques diferenciados atendiendo a la heterogeneidad de los diversos países y realidades. En este sentido, la CE debe reflejar en el VPD su compromiso con la consolidación y el fortalecimiento de la educación en países de renta media (en particular con América Latina), más ligados a la atención a grupos y colectivos específicos, así como a la calidad educativa y al logro de aprendizajes. La cooperación gallega debe seguir trabajando en países y zonas de mucha necesidad educativa como el África Subsahariana, en calidad educativa y también en acceso.</p>		
AE8	<p>En el ámbito estratégico 2, es importante destacar la mejora y generación de ingresos atendiendo a las cadenas de valor de los sectores productivos objetivo y otros sectores que se pueden derivar de la agricultura, pesca, acuicultura, forestal, etc.... Finalmente, la experiencia y la demanda de la población beneficiaria, para ellos por supuesto es muy importante fortalecer las capacidades técnicas, apoyarles integralmente en su desarrollo productivo, pero demandan claramente una visión integral de la cadena de valor con el objetivo de diferenciarse, diversificar, comercializar y posicionar sus productos, generando unos ingresos y empleo digno.</p> <p>En el ámbito estratégico 2, quizá esté integrado en el apartado de apoyo a las políticas públicas que fomenten el desarrollo rural y territorial integrado, pero es importante el apoyo de las políticas públicas que den sostenibilidad al desarrollo productivo, emprendimiento y desarrollo comercial de las MIPYMES.</p> <p>3En el ámbito estratégico 2, quizá esté integrado en el apartado de fomento a la economía social y la formación de organizaciones de productores y cooperativos o comercio justo, pero en estos ámbitos</p>	Estimada	Recóllese a achega realizada na redacción do § 36.

	y con una visión integral de la cadena de valor, se debe fomentar también el apoyo a la formalización, fomento del emprendimiento y fortalecimiento de las MIPYMES, dado que en muchas ocasiones son la fórmula de entidad empresarial más factible y con mayores impactos y que se encuentran alineados en la agenda de prioridades de las políticas públicas.		
AE9	Con una visión integral de generar mayor impacto el ámbito estratégico 1, concretamente en el ámbito de actuación del derecho humano a la educación, a veces cuesta concebir un proyecto con impacto sin integrar actuaciones del ámbito estratégico 2.	Contemplada	A definición de ámbitos estratégicos non se concibe como compartimentos estancos e coutados. En coherencia coa natureza multidimensional dos ODS, permitiranse actuacións multisectoriais que abrangan máis dun ámbito estratéxico e máis dun ODS.
AE10	No AE3 “Impulsar a equidade de xénero e mais o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia”, a actuación de potenciar o acceso das mulleres os recursos, especialmente os económicos, suxerimos que se reforcen as ideas de acceso e control dos recursos, autonomía económica e diferenciar o mundo do traballo remunerado e no mundo do traballo non remunerado e de coidados. Una idea podería ser a seguinte: “Promover o pleno exercicio dos dereitos económicos e laborables, así como, a autonomía económica das mulleres, garantindo o acceso e o control dos recursos, creando e consolidando condicións de igualdade de xénero no mundo do traballo remunerado e visibilizando e repartindo o traballo non remunerado e de coidados”. No AE3. formular un enfoque máis amplo para o traballo en saúde sexual e reprodutiva: “Promover o pleno exercicio dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres”	Estimada	A redacción suxerida aparece reflectida no § 37.
AE11	Incluír o desenvolvemento tecnolóxico apropiado como un sector preferente de cooperación: Na actualidade non se pode entender o desenvolvemento dun país ou dunha institución sen o desenvolvemento tecnolóxico. A tecnoloxía converteuse nun sector chave para o crecemento e evolución dun país e da súa sociedade, permitindo unha xestión e planificación máis eficaz e solvente dos	Estimada	A tecnoloxía para o desenvolvemento humano e o desenvolvemento tecnolóxico apropiado menciónanse de forma ampla no § 28, previamente á definición e descrición dos ámbitos estratéxicos.

	recursos, e mellorando o funcionamento e operatividade das administracións e dos servizos públicos. Consideramos que dende a cooperación débese avalar un desenvolvemento tecnolóxico sostible, que facilite a transferencia e apropiación dos beneficiarios, e entendemos que o software libre é idóneo neste ámbito, evitando as dependencias tecnolóxicas e fomentando o coñecemento e o desenvolvemento local.		
AE12	En todos os ámbitos estratéxicos debería de transversalizarse a tecnoloxía para o desenvolvemento humano. Antes de comezar o apartado AE.1 indicaría: <i>“Todas as actuacións da cooperación galega intentarán avanzar na potenciación da tecnoloxía para o desenvolvemento humano, de xeito que se empreguen as tecnoloxías apropiadas a cada contexto cultural, social e xeográfico, contemplando o seu uso dentro dunha cidadanía global, que permita aumentar as capacidades e coñecementos de todos os pobos, evitando dependencias tecnolóxicas, e permitindo gañar en liberdade e autonomía nos procesos de desenvolvemento individual e colectivos. A utilización de licencias copyleft que permitan o libre uso e distribución de calquera traballo creativo, o fomento e creación de fontes de datos abertas que poidan ser usadas por calquera interesado, o emprego de software libre baseado na interoperabilidade e uso de estándares que facilita o acceso ao coñecemento tecnolóxico, serán unha estratexia transversal nas accións da cooperación galega.”</i>	Estimada	
AE13	Integrar no ámbito estratéxico 2 a tecnoloxía dos alimentos e mais a transformación dos alimentos e a valorización e aproveitamento de subprodutos na descrición das actividades a apoiar pola Cooperación Galega.	Estimada parcialmente	Enténdese incluído a “tecnoloxía dos alimentos e mais a transformación dos alimentos e a valorización e aproveitamento de subprodutos” dentro da descrición das actuacións integradas no ámbito estratéxico 2 no § 36.
AE14	No ámbito estratéxico 2 súxrese a posibilidade de inclusión de forma específica: a xeración de negocios inclusivos, promoción do emprendemento, alianzas público-privadas de desenvolvemento.	Estimada parcialmente	A mención da xeración de negocios inclusivos e alianzas público-privadas figura no § 26, e a promoción do emprendemento recóllese no § 36.

AE15	No ámbito estratéxico 3 engadir a potenciación do acceso das mulleres a todos os recursos, especialmente económicos, e emprendemento.	Estimada	O acceso e control dos recursos económicos polas mulleres aparecen mencionados no § 37. O emprendemento cóidase incluído dentro do concepto de “autonomía económica das mulleres”.
AE16	Es básico apostar por el área de Gobernabilidad Democrática, en el fortalecimiento institucional y la seguridad jurídica de los países. Sin un Estado sólido, con instituciones fuertes e independencia judicial será difícil poder implementar políticas públicas y una legislación que proteja a la población. El ámbito de la seguridad también es básico pues condiciona la mayor parte de la vida de las personas. Cualquier plan que se haga si todo conlleva un riesgo difícilmente puede llevarse a cabo o, si se lleva a cabo, que sea sostenible en el tiempo.	Estimada	A gobernabilidade democrática aparece reflectida no § 28 e no § 80.
AE17	A Cooperación Galega debe promover actuacións que reforcen as políticas públicas e a gobernabilidade democrática. Este aspecto é coherente co valor diferencial da cooperación descentralizada: a experiencia na xestión de políticas públicas nos sectores e servizos que contribúen á redución da pobreza e da desigualdade, tanto en ámbitos rurais como urbanos.	Estimada	
AE18	En el ámbito estratégico 5 explicaría más este párrafo 41 sobre cómo se hará, con quien se contará, plazos, etc....	Contemplada	O despregamento do ámbito estratéxico 5 relativo á educación para o desenvolvemento e a cidadanía global realizarase a través dun grupo de traballo creado no seo do CONGACODE, tal e como se recolle na liña de acción 3.3. (§ 65) e se reflicte no marco de resultados
AE19	No ámbito estratéxico 1 engadir a mención dos servizos sociais ou o apoio ás políticas sociais. Transversalizar na medida do posible as políticas de accesibilidade.	Estimada	O § 35 menciona explicitamente os servizos sociais básicos dentro do ámbito estratéxico 1, e as políticas de accesibilidade transversalízanse a través da súa mención no § 28.
AE20	Ampliar a concepción da cooperación en pesca e acuicultura cara a unha visión integral marítima e non só pesqueira. En coherencia co organigrama da Xunta de Galicia, que conta cunha Consellería de Mar, e coa visión integral dos océanos, recursos mariños e vida	Estimada parcialmente	Recoñese unha visión máis integral e holística para o ámbito do Mar en cooperación dentro do ámbito estratéxico 2 no que se inclúen os sectores pesqueiro e acuícola (§ 36), e apoiaranse actuacións que integren esta visión.

	submarina reflectida no ODS 14, a Cooperación Galega debería integrar no seu ámbito estratéxico 2 esta visión que abranguería: xestión sostible dos recursos mariños, xestión da plataforma, protección das costas, investigación mariña, loita contra a contaminación mariña, etc. Esta visión reborda unha concepción da pesca e acuicultura centrada no sector primario de produción, tal e como figura no ámbito estratéxico 2.		
AE21	No parágrafo 36, guión 3: completar a descrición con “xestión sostible da pesca e da acuicultura”.	Estimada parcialmente	Enténdese incluído a xestión sostible da pesca e da acuicultura por coherencia co resto do ámbito estratéxico 2.
AE22	A Cooperación Galega debe prestar unha atención específica ás necesidades das poboacións que residen en zonas urbanas dentro dos procesos de urbanización que están a acontecer nos países en vías de desenvolvemento. De feito, os máis dos países prioritarios da Cooperación Galega contan cunha porcentaxe de poboación urbana superior á poboación rural. Por exemplo, no caso de Bolivia, Cabo Verde, Ecuador, O Salvador ou Perú, a poboación urbana supera o 65% do total da súa poboación.	Contemplada	O IV Plan Director facilitará actuacións en ámbitos rurais e urbanos dentro da promoción de modelos de desenvolvemento territorial integrados tal e como se describe no ámbito estratéxico 2 (§ 36).
AE23	Un segundo aspecto céntrase na cooperación técnica xa que a maioría dos países prioritarios da cooperación galega son países que se sitúan na banda media do Índice de Desenvolvemento Humano, sendo países cualificados en moitos casos como de renda media. O tipo de cooperación a desenvolver nestes países supera a mera actuación na cobertura de necesidades sociais básicas. Neste senso, cómpre prestar unha atención especial á cooperación técnica que demanda a intervención activa de entidades e institucións especializadas e con experiencia tal e como figura no apartado 6.2.	Estimada	A cooperación técnica aparece descrita no § 80 e tense recoñecido que “outros axentes especializados e con experiencia neste eido” poidan desenvolver actividades de cooperación técnica para alén das administracións públicas e das Universidades galegas.
AE24	Respecto da axuda distribuíble en cada un dos ámbitos estratéxicos, haberá que xerar incentivos para que os ámbitos estratéxicos da cooperación exterior (1 a 3) teñan unha distribución equilibrada, xa que podería darse o caso de que calquera deles concentrase a totalidade das axudas.	Contemplada	A definición de ámbitos estratéxicos procura ofrecer un marco de traballo máis flexible para os axentes de cooperación, mais ao tempo incluírá o establecemento de incentivos nos criterios de valoración das propostas presentadas a financiamento da DXREE e UE polos axentes de cooperación. Ao tempo, para evitar rixideces, tense coidado

			oportuno non definir moi polo miúdo os recursos destinados a cada un dos ámbitos estratéxicos (1,2, 3) da cooperación exterior. Será o resultado da valoración das convocatorias de axudas a que determine a asignación definitiva de recursos desembolsados en cada un dos sectores. Non obstante, durante a execución do IV Plan Director mirárase por que os diferentes ámbitos estratéxicos de cooperación teñan unha distribución equilibrada en función das demandas dos axentes de cooperación.
AE25	No Ámbito Estratéxico 1, no dereito humano á educación, (§ 30) debería engadirse “aumentar as competencias técnicas das persoas e colectivos máis vulnerables e dos técnicos e persoal das institucións públicas”.	Contemplada parcialmente	Estímase que o aumento das competencias técnicas dos técnicos e persoal das institucións públicas estaría integrado no § 80 relativo á cooperación técnica a nivel xeral. De todos os xeitos, cóidase que a formación do persoal e técnicos das institucións educativas estaría integrado no apartado relativo á mellora da calidade educativa (§ 32).
7. ACTIVIDADES DE COOPERACIÓN			
AC1	Se dice que se va a apostar por una ciudadanía global etc. Pero después a lo largo del documento esta área no se desarrollada, sólo una línea de financiación y un grupo de trabajo. Se podría desarrollar más el área de educación para el desarrollo e incluir acciones dentro de las otras áreas, como la de acción humanitaria, etc.	Contemplada	O despregamento do ámbito estratéxico 5 relativo á educación para o desenvolvemento e a cidadanía global realizarase a través dun grupo de traballo creado no seo do CONGACODE, tal e como se recolle na liña de acción 3.3. (§ 65) e se reflicte no marco de resultados. Por outra banda, a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da cooperación galega constitúe o marco de referencia específico no cal se poden consultar o conxunto de actuacións que se desenvolverán nese eido.
AC2	Un número creciente de conflictos, desastres naturales y otras crisis supone que 75 millones de niños y jóvenes en edad escolar, en particular niñas, necesitan urgentemente apoyo educativo. La educación recibe menos del 2% de la ayuda humanitaria, el apoyo llega demasiado tarde y lamentablemente es insuficiente para cubrir las necesidades. La compartimentación entre los sectores humanitario, de desarrollo y de seguridad no consigue ofrecer una respuesta a los problemas que plantean las crisis prolongadas. No	Contemplada parcialmente	No eido da acción humanitaria a Dirección Xeral de Relacións Exteriores ten financiado actuacións de educación en contextos de emerxencia e conflito a través da convocatoria de axudas de acción humanitaria. En relación á determinación de porcentaxes en cada un dos sectores de actuación, ao tratarse dunha cooperación a demanda (máis de 70% dos recursos xestionados por ONGD e a través de convocatorias públicas de axudas), non se pode estimar previamente nin a orientación estratéxica nin sectorial das propostas presentadas a

	son problemas a corto prazo, ya que, en todo el mundo, la población vive en situación de desplazamiento una media de 17 años. Como resultado de ello, a generaciones enteras se les niegan las oportunidades que ofrece una educación completa e ininterrumpida. En este sentido recomendamos a la cooperación gallega la inclusión de una partida imprescindible destinada a educación en contextos de emergencia y conflicto, de forma significativa y predecible a lo largo del tiempo. En este sentido, recomendamos a la Xunta de Galicia a cumplir con el objetivo mínimo de destinar (conforme a lo establecido en el marco de la UN Global Education First Initiative, 2011) el 4% del total de la ayuda destinada a acción humanitaria a la educación en emergencias.		financiamento polos axentes de cooperación. Ademais, o proceso de valoración externo das propostas realízase en base á súa calidade e á súa adecuación ás prioridades estratéxicas da Cooperación Galega, de tal xeito que unha proposta no eido da educación de persoas refuxiadas ou desprazadas recibiría financiamento en función da súa calidade e en función de se a puntuación acadada no proceso de valoración externa lle permite acceder aos fondos dispoñibles.
8. AXENTES DE COOPERACIÓN E CAPACIDADES			
AX1	Dado que a Xunta de Galicia vai impulsar a implantación da Axenda 2030 nas diferentes Consellerías e políticas autonómicas, propónse que este esforzo e este traballo sexa potenciado tamén nas administracións locais, nas que a ONU fixa a súa mirada como un dos principais actores para conseguir o cumprimento dos ODS.	Contemplada	A localización dos ODS aparece mencionada en § 13 e 67 en relación á administración autonómica e local.
AX2	§ 69. Deberase promover que a Xunta de Galicia conte con persoal técnico propio, fixo, estable e especializado en cooperación. Esta especialización debера estenderse tamén ás Universidades. Ao tempo debería garantirse esta capacidade técnica e preservala mesmo en tempos de crise xa que só cun músculo institucional suficiente baseado en capacidades técnicas se pode ter un efecto multiplicador, resiliencia, etc.	Contemplada	O IV Plan Director promove o fortalecemento de capacidades técnicas dos axentes de cooperación financiando a contratación de persoal até o 70% do custe total dos proxectos (§ 73). En relación á DXRREE e UE, tal e como se expresa no § 69, “a normativa reguladora da función pública galega limita as posibilidades de ampliación dos recursos humanos especializados da DXRREE e UE. Por este motivo, priorizaranse as asistencias técnicas no eido da acción humanitaria, avaliación e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global para o reforzamento da capacidade da DXRREE e UE”
AX3	Deberíase de reforzar o liderado do departamento de Cooperación da Xunta de Galicia e a súa capacidade para orientar, dinamizar y	Contemplada	O IV Plan Director establece un marco de actuación en cooperación que facilita o liderado da DXRREE e UE dentro das características

	catalizar as iniciativas de cooperación no exterior.		específicas da Cooperación Galega. Ao tempo, este liderado materializarase na continuidade do apoio ás iniciativas multiactor e multisectoriais nos que a DXRREE e UE participa activamente, tal e como se expresa no § 67.
AX4	<p>La participación privada en la cooperación al desarrollo es una premisa asentada en los programas y estrategias internacionales y en particular para la consecución de los Objetivos contenidos en la Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible. De igual manera se recoge en la planificación estatal de cooperación al desarrollo y en las pautas indicadas por la UE en virtud de la nueva definición de RSE y en su comunicación de 2014: <i>Reforzar el papel del sector privado para lograr un crecimiento inclusivo y sostenible en los países en desarrollo</i>. En el IV Plan Director de la Cooperación Española (2013-2016), ya se contemplaban cuatro ejes para la incorporación del sector empresarial en la cooperación española, entre ellos uno dedicado a la <i>Comunicación, formación y generación de capacidades</i> y otro para la <i>creación de una unidad organizativa impulsora y de referencia en el sistema</i>, prueba de la importancia dada a promover la participación de estos agentes en la cooperación. En coherencia con la planificación existente, el nuevo Plan Director de la cooperación gallega 2018-2021, debería tener en cuenta el potencial que las empresas gallegas como agentes tienen en relación con la cooperación al desarrollo. Del Documento <i>Análisis de percepciones sobre el papel de las empresas gallegas en el desarrollo de los países y comunidades socias</i> elaborado en el 2016 en virtud del Plan Director de la cooperación gallega 2014-2017, se concluye que la participación de las empresas es limitada y decreciente en los últimos años en los programas desarrollados en Galicia en materia de cooperación. Por ello, El nuevo Plan Director, debería incorporar explícitamente el valor de las empresas</p>	Estimada	<p>O IV Plan Director reconece a participación da empresa privada e das organizacións empresariais na cooperación ao desenvolvemento no seu § 26 “En relación ás empresas e organizacións empresariais e dentro do marco de coherencia de políticas, fortaleceranse as capacidades dos axentes de cooperación para a promoción da innovación e de alianzas público-privadas para o desenvolvemento, a responsabilidade social empresarial, os negocios inclusivos e o investimento positivo e responsable dentro do marco establecido polos Principios reitores de Nacións Unidas sobre empresas e dereitos humanos e o Plan estatal de acción de empresa e dereitos humanos”. Ademais, o ámbito estratéxico 2 reconece o marco de prosperidade compartida establecido na Axenda 2030 e nas cales as empresas e as organizacións empresariais poden realizar unha achega activa.</p>

	<p>y promover una mayor participación de éstas en la cooperación gallega:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Informar y sensibilizar a las empresas sobre la oportunidad de participar en acciones o redes de cooperación al desarrollo; - Promover el conocimiento de los diferentes agentes de la cooperación gallega entre sí y promover alianzas en las que participen empresas; - Detectar y poner en valor la contribución potencial de las empresas en materia de conocimiento o financiación, entre otras, que las empresas podrían aportar a la cooperación gallega especialmente en colaboración con otros agentes. <p>Además, sugerimos que:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Se fomente entre las empresas gallegas la cooperación al desarrollo. - Se presente a las empresas como generadoras de riqueza y empleo. 		
AX5	<p>Pór en valor o papel da empresa como axente de cooperación: Entendendo a complexidade da inmersión da empresa no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, así como a necesidade de establecer uns criterios ou avaliacións das mesmas que garantan unha participación adecuada nestes proxectos, creemos que empresas con perfís especializados en cooperación poden aportar moito valor como axentes de cooperación nos países destino e nas entidades beneficiarias. As empresas con este perfil poden axudar a impulsar a especialización técnica e fomentar as alianzas nos sectores de especialización da cooperación Galega, así como ser un factor de dinamización do crecemento económico dun país. Avalamos esta achega coa nosa propia experiencia, participando en proxectos como o PATCO Augas de Galicia, SIXHIARA ou en colaboracións con ONG como Enxeñería sen Fronteiras ou a Fundación CETMAR. É por iso que creemos que dentro do IV Plan</p>	Estimada	

	Director de Cooperación Galega, así como se fixo no III Plan Director, debe aparecer reflectido o papel da empresa como axente de cooperación.		
AX6	No parágrafo 25 engadir En relación ás empresas e organizacións empresariais e dentro do marco de coherencia de políticas, fortaleceranse as capacidades dos axentes de cooperación para a promoción da responsabilidade social empresarial e do investimento positivo e responsable dentro do marco establecido polos <i>Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos</i>tanto no marco nacional como nas súas estratexias de internacionalización. Ademais poderíase incluír referencia a innovación, alianza público-privadas de desenvolvemento, que aseguren a colaboración entre actores.	Estimada	
AX7	Es importante apoiar las Alianzas Público-Privadas para la mejora de las condiciones socio-económicas de la población (se genera empleo, se beneficia el territorio, se genera comercio, etc.)	Estimada	
AX8	Un reto relacionado con el sector privado que aparece en diversos lugares del Plan Director Gallego, entre otros, como actor; quizá un reto relacionado con la creación de alianzas multiactor en la que se incluya la participación del sector privado. Esto es también coherente con la sugerencia AX1 y AX2 del documento de 'achegas'.	Contemplada	As alianzas multiactor previstas no IV Plan Director permiten a participación do conxunto de axentes galegos de cooperación, entre os que se encontra o sector empresarial privado e público, tal e como ten acontecido na intervención en Mozambique na rexión de Ara Norte no eido da gobernanza e xestión integral de recursos hídricos.
AX9	Según inf@od las EELL gallegas desembolsaron 356.000 euros en 2016 y la CA de Galicia 4.600.000. Ello supone que la aportación de las entidades locales asciende a un 7% del total de la AOD gallega. Por otro lado, el conjunto de los EELL españoles desembolsaron 69 millones de euros frente a los 149.500.000 de las CCAA, es decir un 31% de la aportación de CCAA + EELL. En conclusión: las entidades locales galegas aportan una suma no despreciable y tienen una gran potencialidad de crecimiento que podría indicar el interés de que la Xunta de Galicia trabaje más	Contemplada	O IV Plan Director promove a actuación coordinada e complementaria coa cooperación local tal e como se reflicte no § 57, 67 e 68. Ao tempo, o convenio anual suscrito co Fondo Galego facilitará o impulso da cooperación local en Galicia e o reforzamento das súas capacidades.

	estrechamente con ellas.		
AX10	Advertimos una deficiente valoración del papel de la sociedad civil ya que en el borrador se destaca el rol de las ONG en la atención de las comunidades más vulnerables. No se reconoce, sin embargo, su importancia como agentes de incidencia política, de educación para el desarrollo sostenible y la ciudadanía global y de transformación social.	Contemplada	O IV Plan Director reconece ás ONGD como os aliados estratéxicos fundamentais na consecución dos resultados previstos no plan director. Todas as actuacións previstas e as convocatorias públicas de axudas reconecen o labor das ONGD no eido da cooperación, acción humanitaria, educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e como axentes de incidencia política. Neste último caso, o convenio coa Coordinadora Galega de ONGD financia un amplo conxunto de capacidades e actividades de incidencia política. Ademais, os sucesivos plans directores da Cooperación Galega teñen reconecido o protagonismo e centralidade das ONGD apoiándoas en todos os seus ámbitos especializados de actuación.
AX11	Consideramos que facilitar el acceso de los actores y agentes gallegos a nuevas fuentes de financiación internacional, es un gran aporte y puede ser una gran vía para fortalecer las alianzas estratégicas entre todos los agentes. El acceder a este tipo de proyectos financiados por diferentes organismos multilaterales de desarrollo como Unión Europea, BM, PNUD se necesita experiencia previa y conformar un buen consorcio. En Galicia, existen grandes agentes con un fuerte potencial de especialización, y por experiencia propia, creemos que esta línea de acción permitiría tanto a Cooperación Gallega como a todos los agentes, ejecutar programas de gran impacto	Contemplada	Véxase a liña de acción 5.6. e o § 74.
AX12	Unha segunda idea ten que ver coa formación. Creo que deberíamos apostar pola formación online, apoiando as iniciativas neste sentido especialmente orientadas aos PALOP, aínda que poida acoller tamén poboación galega. Creo que o dos máster non é o momento, tería que ser algo moi ambicioso para ser atractivo, pero na formación online hai espazo e sobre todo se o enfocamos cara ese ámbito.	Contemplada	Os convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD) integran o financiamento de actividades de formación. Queda a decisión das entidades escoller a modalidade de impartición (presencial, semipresencial, online).

AX13	Non estaría de máis tampouco algunha alusión na introdución aos efectos da crise no sector, que abalou moito.	Contemplada parcialmente	No III Plan Director facíase mención dos efectos da crise económica e fiscal nos § 3 e 84, tanto respecto da dotación orzamentaria como sobre as capacidades dos axentes e do sistema galego de cooperación no seu conxunto. Aínda que non se mencione expresamente, o IV Plan Director constrúese sobre a necesidade de fortalecer as capacidades do sistema galego de cooperación que se viron afectadas pola crise, tal e como se menciona nas diversas avaliacións do III e IV Plan Director. De todos os xeitos, integrárase un estudo específico sobre os efectos da crise sobre as capacidades dos axentes de cooperación ao abeiro do proceso de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación de axentes (§77) e que constitúe o produto 25 do marco de resultados do IV Plan Director.
AX14	Recoñecer o rol das Universidades e centros públicos e privados de investigación como axentes de cooperación. O IV Plan Director da Cooperación Galega e seguintes deben reforzar o rol e papel das universidades e centros públicos e privados de investigación como axentes de cooperación, especialmente na xeración e transferencia de coñecemento e tecnoloxía para o desenvolvemento humano. Ao tempo, as Universidades están a ser coidadas axentes estratéxicos pola Xunta de Galicia na captación de talento e alumnado estranxeiro, cun foco específico en América Latina e a Lusofonía.	Estimada	Valorárase mencionar os centros públicos e privados de investigación nas referencias á investigación e transferencia de coñecemento durante a execución do IV Plan Director, así como o seu posible acceso a recursos a través da convocatoria de investigación sobre desenvolvemento.
AX15	No parágrafo 32, guión 5 integrar tamén aos centros públicos e privados de investigación canda aos sistemas universitarios.	Estimada	
AX16	Visibilizar a actividade das Universidades como axentes de cooperación. Reforzar o mapeo dos proxectos de cooperación/investigación/educación para o desenvolvemento no que participan as Universidades e centros de investigación públicos e privados de Galicia e que contén con financiamento autonómico, estatal ou internacional.	Contemplada	O convenio coas Universidades integradas na RGCUD integra actividades de mapeo que se reflicten na páxina web da RGCUD.
AX17	Ampliar as referencias do marco de acción de empresas e desenvolvemento. No parágrafo 26 introducir unha referencia ao	Estimada parcialmente	Durante a execución do IV Plan Director, incluírase o referente do “Pacto Mundial das Nacións Unidas (UN Global Compact)”, no marco

	“Pacto Mundial das Nacións Unidas (UN Global Compact)” que teñen subscrito 31 empresas galegas.		da promoción da participación das empresas na cooperación ao desenvolvemento.
AX18	§ 67. Neste apartado de formación é necesario sinalar que Galicia quedou sen unha formación especializada a nivel de posgrao no ámbito de cooperación ao desenvolvemento, dadas as dificultades para materializar unha mestría tal vez debiera tentarse no marco temporal do Plan o deseño dun curso de especialización (arredor de 180-200 horas) dirixido a posgraduados, ben dentro das actividades da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento ou ben cunha das tres universidades do Sistema Universitario Galego. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores tamén debe apoiar cursos de capacitación en formulación, xestión e xustificación abertos ao conxunto de axentes de cooperación. Ao tempo, debe promover formacións sobre captación de fondos en convocatorias internacionais que xeren un efecto multiplicador sobre os fondos galegos. A Dirección Xeral debe pór en valor as súas capacidades técnicas e financeiras para facer de panca que facilite que o resto de axentes galegos poidan realizar accións máis potentes e cun financiamento superior ás disponibilidades actuais da Xunta de Galicia en cooperación.	Contemplada	Os convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD) integran o financiamento de actividades de formación. As temáticas dos mesmos, duración e modalidades de impartición quedan a decisión das entidades financiadas. Por outra banda, dentro do proceso de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación de ONGD realizarase unha identificación das necesidades de fortalecemento e reforzamento de capacidade dos axentes de cooperación co fin de orientar os recursos destinados á mellora da capacidade técnica do sistema galego de cooperación, entre eles os relativos á formación. En relación á captación de fondos, a liña de acción 5.6. prevé apoiar aos actores e axentes galegos que procuren financiamento a nivel internacional (§ 74).
AX19	Demandas específicas para o reforzamento dos Concellos como axentes de cooperación: <ul style="list-style-type: none"> – O Plan Director da Cooperación Galega debe ser recoñecido como marco de acción común dos actores públicos de cooperación mais facilitando a flexibilidade estratéxica e operativa e respectando a autonomía e soberanía na decisión dos Concellos respecto da localización do Plan Director nas políticas locais de cooperación. – Reforzar ante a intervención dos Concellos que a cooperación ao desenvolvemento constitúe unha competencia e ámbito de acción lexítimo da administración local. O informe preceptivo 	Contemplada parcialmente	O IV Plan Director promoverá a complementariedade, a coherencia, e a coordinación coas entidades locais galegas, especialmente a través do fortalecemento do Fondo Galego mediante o convenio anual subscrito coa DXRREE e UE (§ 70) no cal se poderán recoller algunhas das achegas realizadas (formación especializada, capacidades técnicas, harmonización de criterios, espazos para visibilización, transparencia e rendición de contas, etc.). Ao tempo, reforzarase o diálogo coas entidades locais tanto a través do Fondo Galego como do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (§ 58 e 67). Por outra banda, O IV Plan Director recoñece e valora positivamente o traballo de impulso da cooperación desde o poder local e pon ao servizo destes

	<p>da Xunta de Galicia ao abeiro do Decreto 29/2017 de cooperación para o desenvolvemento debe servir para reforzar esta lexitimidade e recoñecemento.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Os Concellos e Deputacións deben reforzar a súa capacidade de incidencia para a mellora da dotación de recursos da política pública de cooperación a nivel local, provincial e autonómico. - A Xunta de Galicia debe de promover medidas que: <ul style="list-style-type: none"> - Reforcen a estrutura de persoal e capacidades técnicas e institucionais dos Concellos para a xestión estratéxica e administrativa da política de cooperación. Nesta liña suxírese a posibilidade de crear un programa de axudas para a contratación de persoal especializado en cooperación. - Faciliten programas específicos de formación dirixidos ao persoal da administración local. - Promovan a harmonización de criterios da asesoría xurídica e intervención xeral dos Concellos respecto da política municipalista de cooperación. - Faciliten espazos para a transparencia, rendición de contas e visibilización dos logros colectivos en cooperación ao desenvolvemento do conxunto de actores públicos e axentes de cooperación en Galicia. 		<p>procesos o procedemento informativo previsto no art. 17 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento, respectando a autonomía das entidades locais (§ 25).</p>
--	--	--	---

9. INSTRUMENTOS DE COOPERACIÓN			
IC1	No R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS. Proposta: Debera incluírse un indicador específico que garanta a previsibilidade na publicación das convocatorias, explicitando aquelas que se publicarán anualmente e aquelas que o farán bienalmente, tal e como aparece recollido no punto 6. “Modalidades e instrumentos de axuda” (no que se di que a convocatoria de proxectos no exterior para ONGD, educación para o desenvolvemento para ONGD, acción humanitaria para ONGD, proxectos no exterior para outros axentes e bolsas para persoas expertas se publicarán anualmente e a convocatoria de investigación para o desenvolvemento bianualmente)	Contemplada parcialmente	No marco de resultados non se ten incluído un indicador de previsibilidade de publicación das convocatorias de axudas por canto se estima que a redacción do § 77 establece un compromiso da DXRREE e UE de cumprimento coa previsibilidade das convocatorias tanto anual como bienalmente, no caso exclusivo da convocatoria de investigación.
IC2	Tamén deberá incluírse outro indicador no que se faga referencia á revisión en 2018-2019 da convocatoria de fortalecemento e consolidación para ONGD de forma participada co propio sector das ONGD ao que estará dirixida. É necesario chegar canto antes a un consenso sobre o futuro desta convocatoria e que para iso debería abrirse un proceso de traballo nos vindeiros meses que garanta a participación das ONGD e a publicación da convocatoria en 2019.	Contemplada parcialmente	No § 77 asúmese o desenvolvemento dun proceso participativo de revisión da convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD para acomodalala ás necesidades de fortalecemento e reforzamento de capacidade dos axentes galegos de cooperación. Ao tempo, no marco de resultados tense previsto un produto específico: “Estudo de revisión da convocatoria de fortalecemento e consolidación, e sobre as necesidades de fortalecemento e capacitación dos axentes galegos de cooperación” (produto n. 25).
IC3	§ 60, se compromete el 50% de los fondos de acción humanitaria hasta 2021 a unos convenios determinados. No mencionar unos convenios específicos, dando más flexibilidad a este instrumento. Incluir en cada convenio y en su publicidad las razones de excepcionalidad por las que no se realiza esa acción a través de la concurrencia competitiva.	Desestimada	No § 64 unicamente se mencionan os posibles convenios subscribíbles no eido da acción humanitaria con aqueles axentes aliados da DXRREE e UE en acción humanitaria. Non obstante, esta enumeración non impide que non se poidan subscribir convenios de acción humanitaria con outros axentes diferentes dos mencionados, especialmente, na atención de emerxencias ou na atención de persoas refuxiadas ou desprazadas. Todos os convenios subscritos en acción humanitaria adecúanse as razóns de excepcionalidade previstas para o instrumento de convenios

IC4	Se mencionan las becas de formación para expertos en cooperación. Incluir en el texto de alguna manera que estas ayudas no sean exclusivamente para jóvenes, ya que entendemos que se puede capacitar a más agentes de cooperación.	Contemplada	As bases da convocatoria de persoas expertas non establecen un límite de idade das persoas solicitantes. Unicamente se establece o seguinte requisito: “b) Estar en posesión dun título universitario de grao, licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou equivalente. A persoa solicitante deberá estar en posesión do título ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes, e ter rematado os estudos conducentes a el no ano 2008 ou posterior”.
IC5	Rescatar a idea de poder ampliar a outros axentes a convocatoria pública de EpD.	Desestimada	As bases da convocatoria de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global permiten que outros axentes de cooperación distintos das ONGD poidan participar nos proxectos presentados á convocatoria en agrupación coas ONGD.
IC6	Abrir a convocatoria de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global tamén ás Universidades.	Desestimada	As bases da convocatoria de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global permiten que as Universidades participen nos proxectos presentados á convocatoria en agrupación coas ONGD.
IC7	Que as Universidades teñen desenvolvido competencias e capacidades para poder acceder en igualdade de oportunidades que as ONGD a algúns das convocatorias de axudas que actualmente son dirixidas exclusivamente ás mesmas. Neste senso, debería de estudarse e negociarse a apertura da convocatoria de Acción Humanitaria e Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global ás universidades galegas de tal xeito que poidan presentarse como líderes de proxecto.	Desestimada	As bases da convocatoria de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global permiten que as Universidades participen nos proxectos presentados á convocatoria en agrupación coas ONGD. A convocatoria de acción humanitaria está destinada a ONGD por mor de tratarse de axentes galegos de cooperación especializados neste eido.
IC8	Convocatoria de investigación: tendo en conta que a investigación non é un ámbito exclusivo das Universidades, e contando en Galicia con múltiples entidades que fan traballo de análise e investigación en materia de cooperación ao desenvolvemento, cremos importante abrir esta convocatoria bienal a outros axentes da cooperación galega que, non formando parte do Sistema Universitario Galego, contemple este os seus obxectivos o da investigación en materia de cooperación ao desenvolvemento.	Desestimada	As actuais bases da convocatoria de investigación permiten a participación na convocatoria dos outros axentes non universitarios en agrupación coas Universidades.
IC9	Convocatoria de investigación sobre desenvolvemento: Facilitar a participación na convocatoria dos centros públicos de investigación radicados en Galicia e que pertencen aos organismos públicos de	Estimada	Valorarase coas Universidades do Sistema Universitario Galego a idoneidade e pertinencia de permitir aos centros públicos de investigación participar na mesma ben como líderes, ben como

	<p>investigación como o CSIC e o Instituto Español de Oceanografía, así como dos centros privados de investigación. Os organismos públicos de investigación constitúen, xunto coas universidades, o núcleo básico do sistema público de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico español. Esta modificación debería recollerse tamén no parágrafo 77 ao describir a convocatoria de investigación sobre desenvolvemento. Ao tempo, solicítase convocar anualmente a devandita convocatoria.</p>		<p>membros dunha agrupación.</p>
IC10	<p>A actual convocatoria de investigación presenta as seguintes disfuncionalidades que debería ser necesario corrixir como as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Revisar as bases da convocatoria para adecuala á especificidade da investigación universitaria. Suxírese a creación dunha mesa de traballo para revisar as devanditas bases e na que participen a Dirección Xeral, persoal investigador e persoal das oficinas de apoio á investigación das Universidades galegas. – Que a convocatoria defina ámbitos de investigación preferentes para a cooperación galega. – Que se identifiquen avaliadores externos adecuados para cada un deses ámbitos e con capacidade para identificar as necesidades específicas da cooperación galega neses eidos. – Que a convocatoria se publique anualmente, para dar maior oportunidade de participación a máis grupos de investigación interesados na cooperación ao desenvolvemento – Que se aumente a dotación da convocatoria de investigación para financiar os proxectos que estando aprobados, quedaron sen financiamento por esgotamento do crédito. – Que se elimine o cofinanciamento das Universidades e que se financie o 100% do custo total do proxecto por mor das dificultades que está xerando nos grupos de investigación. – Que se permita a adquisición de bibliografía específica 	<p>Estimada parcialmente</p>	<p>Revisarase en diálogo coas Universidades do Sistema Universitario Galego a convocatoria de investigación sobre desenvolvemento.</p>

	vencellada ás temáticas dos proxectos de investigación para ser integrada nas bibliotecas universitarias e posta á disposición das persoas usuarias.		
IC11	Apoio da DXRREE aos proxectos que se presenten á convocatoria de innovación para o desenvolvemento da AECID. Valórase positivamente a oferta de apoio financeiro da DXRREE e UE aos proxectos dos axentes de cooperación que se presenten a convocatorias internacionais. Solicítase que ese apoio financeiro se estenda tamén á convocatoria de innovación para o desenvolvemento da AECID.	Desestimada	A DXRREE e EU non apoia o cofinanciamento en convocatorias públicas a nivel estatal.
IC12	§ 71. Valórase moi positivamente que a Dirección Xeral apoie a procura de financiamento internacional polos efectos multiplicadores en termos de impacto e sostenibilidade das actuacións. De todos os xeitos, cóidase que esta liña de acción debería de ver reflectida a súa importancia subíndoa na xerarquía das liñas de acción deste capítulo.	Desestimada	A orde das liñas de acción non ten implícita unha gradación de importancia ou xerarquía.
IC13	Revisar a convocatoria de outros axentes para permitir a igualdade no financiamento e número de proxectos a presentar dos outros axentes que as ONGD na súa convocatoria específica.	Desestimada	A maior dotación orzamentaria da convocatoria de cooperación das ONGD é o resultado da súa experiencia, capacidades e dun maior número de ONGD inscritas na sección correspondente do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación. Actualmente, están inscritas 116 ONGD, 21 empresas e organizacións empresariais, 5 sindicatos e 31 outros axentes sociais. Xa que logo, o reparto dos fondos entre as diferentes convocatorias realízase cun criterio de equidade e recoñecemento de capacidade.

10. MARCO NORMATIVO

MN1	No cabría la posibilidad de plantear a la propia Dirección Xeral y a los diferentes grupos políticos (a través del CONGACODE) la elaboración de una propuesta o modificación de la normativa. Quizás no sea una cuestión que se resuelva de manera rápida, pero quizás sí en el periodo de vigencia del nuevo Plan Director. Este	Estimada parcialmente	Segundo informe da Consellería de Facenda, para permitir a eliminación da vinculación dos capítulos orzamentarios á natureza do gasto sería necesaria unha modificación da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario, aspecto que excede o alcance estratéxico e operativo dun Plan Director. Sen embargo, hai que recoñecer os avances
-----	---	------------------------------	---

	<p>cambio, que no sería demasiado controvertido, se alinea con los Resultados de gestión que se están planteando: “L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE”. Bajo mi punto de vista, como decía antes, tendría un fuerte impacto en la eficacia de la ayuda.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Corregir la limitación de la justificación de fondos por anualidad (en mi opinión la más importante) - Relacionado con lo anterior, no aplicar porcentajes de gasto a cada anualidad. - Supresión de la división por Capítulos (IV - VII) de los fondos destinados a cooperación. - Garantizar que salgan todas las convocatorias (ya se recoge en el borrador) - Previsibilidad de las fechas y plazos de las convocatorias. Que se sepa cuándo salen y, a poder ser, que sea siempre en las mismas fechas. 		<p>producidos co Decreto 29/2017 en cuestións como: flexibilización de prazos de execución, xustificación e subsanación de defectos, o recoñecemento de situacións excepcionais ... Así como a inclusión no articulado da Lei de Orzamentos 2017 dunha excepción á limitación das transferencias de créditos entre os capítulos orzamentarios IV e VII para aqueles créditos do programa 331A vinculados aos proxectos a desenvolver no exterior polos axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento o que permite subvencionar un maior número de proxectos.</p> <p>En relación á previsibilidade das convocatorias, esta establécese no § 77 e durante a execución do IV Plan Director procurárase o cumprimento dos criterios fixados no § 78, e no cal se afirma que “Todas as convocatorias de axudas a axentes de cooperación publicáranse preferentemente no primeiro trimestre do ano.</p>
MN2	<p>No “R.X.1: A cooperación galega aliña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os Obxectivos de desenvolvemento sostible.” Debera incluírse unha liña de acción que reflicta a intención de seguir facendo esforzos para avanzar na actualización do marco normativo. E do mesmo xeito que se contempla a posibilidade de crear un grupo de traballo sobre ED no marco do CONGACODE debera crearse outro sobre normativa no que estiveran presentes representantes da Consellería de Facenda, da DXRREE e coa UE e entidades da sociedade civil xestoras de fondos de Cooperación Galega. O obxectivo: superar as rixideces que supoñen a división por capítulos e a obriga de executar os proxectos de acordo ao ano fiscal.</p>	Estimada parcialmente	<p>Por último, a simplificación administrativa facilitarase dentro dos límites establecidos na normativa de subvencións.</p>
MN3	<p>Débense apoiar os procesos de simplificación administrativa que teñen un custe de recursos e tempo para as entidades.</p>	Estimada parcialmente	

11. COORDINACIÓN, COMPLEMENTARIEDADE, ALIANZAS E PARTICIPACIÓN

CC1	<p>Propoñemos que a Xunta de Galicia apoie aos axentes galegos de cooperación que asumen responsabilidades e postos de representación en redes ou plataformas a nivel estatal e internacional, posto que supón unha visibilidade e logro importante tamén para o conxunto do sistema galego de cooperación. Unha maior participación implica unha maior presenza, un maior coñecemento e recoñecemento e tamén un incremento do prestixio da nosa política autonómica de cooperación ao desenvolvemento. Apostamos porque este apoio, ademais de institucional, sexa tamén económico, para que os axentes de cooperación atopen un respaldo que propicie a súa participación, e para que esta non supoña unha carga económica que ocasione atrancos para a organización</p>	Contemplada	<p>A DXRREE e UE apoiará á Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego a través de cadanseu convenio anual de fortalecemento, onde se poden integrar as accións vencelladas á participación e aos labores de representación ou liderado de redes ou plataformas a nivel estatal e internacional. Xa que logo, contarán co apoio institucional e económico da DXRREE e UE.</p>
CC2	<p>Estimular e apoiar a participación dos actores galegos en plataformas estatais, rexionais e internacionais relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento e alentar a asunción de responsabilidades a nivel global, transcendendo o limitado marco galego. Isto paréceme tamén moi importante para avanzar aprendendo e para visibilizar a experiencia galega.</p>	Contemplada	
CC3	<p>Onde di “a DXRREE e UE apoiará aos axentes galegos de cooperación que establezan espazos ou alianzas de traballo cos axentes portugueses de cooperación no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal dando continuidade e ampliando as experiencias previas do Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.” Debera incorporarse tamén á Coordinadora Galega de ONGD neste parágrafo. A Coordinadora ten participado por segundo ano consecutivo no encontro Transfronteirizo sobre Educación para o Desenvolvemento” en Lisboa. Un espazo de encontro organizado pola Coordinadora Estremeña de ONGD, a</p>	Estimada	<p>O § 68 recolle esta suxestión e recoñece o traballo da Coordinadora Galega de ONGD a nivel transfronteirizo con Portugal.</p>

	Plataforma Portuguesa de ONGD; a Agencia Estremeña de Cooperación ao Desenvolvemento e o Instituto Camoes para crear vínculos con actores educativos portugueses e das Comunidades Autónomas fronteirizas co país luso, e nos que participamos as ONGD galegas.		
CC4	<p>“A integración dunha visión de coherencia de políticas para el desarrollo sostenible (CPDS) na administración pública galega en coordinación co conxunto de actores públicos e axentes de cooperación a través dun liderado político activo que...” (§ 17)profundice en la participación de Galicia en los marcos de asociación de la Cooperación Española y en su seguimiento y en la coordinación con el resto de CCAA. Creo interesante añadir esta reflexión sobre la Cooperación Española y las CCAA aquí para dar una mayor coherencia interna al documento ya que recoge esta idea en su L.A.4.1. Galicia participa en los siguientes MAP de la Cooperación Española: Bolivia, Honduras, Mali, Mozambique, Nicaragua y Territorios Palestinos; es decir en seis de los veintiuno firmados. La Cooperación Española mantiene Marcos de Asociación con otros cinco países prioritarios de la Cooperación Gallega (Guatemala, El Salvador, Ecuador, Perú y República Dominicana). Cabo Verde está contemplado como país socio en el V Plan Director de la Cooperación Española si bien no hay un MAP firmado en este momento. El único país prioritario de la Cooperación Galega no incluido en el V Plan Director de la CE es Guinea Bissau.</p>	Contemplada	O IV Plan Director procura a complementariedade, coordinación e aliñamento co V Plan Director da Cooperación Española a nivel estratéxico e xeográfico, mais preservando a identidade singular e valor diferencial da Cooperación Galega. A nivel xeográfico, os 11 países prioritarios aliñanse coas preferencias xeográficas do V Plan Director da Cooperación Española. No caso de Guinea Bissau, este país localízase en África Occidental, rexión de atención especial para a Cooperación Española. Por outra banda, a Cooperación Galega seguirá a colaborar coa Cooperación Española no deseño, seguimento e avaliación dos instrumentos de planificación país correspondentes (MAP, Acordos de Nova Xeración, etc.).
CC5	A mellora da coordinación e diálogo coas administracións locais que financian actividades de cooperación internacional para el desarrollo e educación para o desenvolvemento (p. 10). O impulso da coordinación, colaboración y concertación con el fin de incrementar la complementariedade, coherencia, eficacia y eficiencia entre os actores e axentes de cooperación (p. 11). La	Estimada	O § 22 queda redactado recollendo esta achega.

	forma en la que se expresa el RD 22/2000 que regula la Comisión Interterritorial indica que la coordinación es una herramienta y la complementariedad, un fin que, a su vez, sirve a la eficacia y eficiencia.		
CC6	Advertimos un escaso desarrollo del marco institucional y normativo: el texto propuesto no hace referencia a las reformas necesarias, y recomendadas por distintos organismos locales y autonómicos, para superar la fragmentación, solapamiento y descoordinación existente entre los distintos actores de la cooperación y cómo se coordina a nivel nacional. Solo advertimos un lugar en el documento donde se confirma la importancia de dicha coordinación y la creación de un grupo interdepartamental en la Xunta de Galicia para la Agenda 2030: “Ao tempo, en 2017 definiuse colectivamente a acción exterior de Galicia a través da Estratexia galega de acción exterior. Horizonte post-2020, na que se establece un marco de coordinación, cooperación e colaboración do conxunto de actores e axentes galegos da acción exterior. A cooperación para o desenvolvemento recoñécese como un ámbito sectorial prioritario no marco da Axenda 2030 e os ODS, salientando que debe fomentar a coherencia e complementariedade coa cooperación europea e española mediante a posta en valor da súas vantaxes comparativas.”	Desestimada	O IV Plan Director promove a complementariedade entre os actores públicos da Cooperación Galega a través da oferta de espazos e oportunidades para a coordinación, a colaboración e a concertación tal e como se reflicte nas liñas de acción 1.1.; 1.2.; 4.1; 4.2. Ao tempo, a promoción da coherencia de políticas de desenvolvemento sostible e mais da transversalización da Axenda 2030 implica a creación dun grupo interdepartamental na Xunta de Galicia así como a participación no Foro de Alto Nivel promovido polo Goberno Central e que conta con representación da Xunta de Galicia.
CC7	Débense promover dinámicas para a posta en valor das iniciativas pioneiras que creen espazos de traballo mutuo con entidades que non forman parte do núcleo tradicional da cooperación.	Contemplada	O IV Plan Director fomentará espazos para o intercambio de experiencias, aprendizaxes, boas prácticas e para a socialización entre os axentes e actores de cooperación, tal e como figura no § 72 e 81. A estes espazos poderán convidadas entidades sociais ou aquelas que “non forman parte do núcleo tradicional da cooperación” co fin de coñecer as iniciativas pioneiras e fomentar a construción de confianza mutua entre os axentes de cooperación. Por outra banda, as convocatorias de axudas seguirán a conter incentivos para a promoción do traballo conxunto en agrupación de
CC8	Ao tempo, débense fomentar espazos habituais para o encontro, a socialización, a construción de confianza, a aprendizaxe mutua.	Contemplada	
CC9	Débense pluralizar os axentes de cooperación desenvolvendo medidas de apoio e fomento da participación na cooperación das entidades especializadas no eido social e que poden desenvolver accións de intercambio de coñecementos especializados, apoio ao	Contemplada	

	fortalecemento institucional de pares nos países socios da cooperación galega, etc.		axentes de cooperación, quer da mesma sección do Rexistro Galego de Axentes de Cooperación, quer de diferentes seccións (§ 67).
CC10	A relevancia da pesca e acuicultura na Cooperación Galega e Española. A Cooperación Galega debe incidir activamente no recoñecemento do sector de pesca e acuicultura dentro das prioridades sectoriais da Cooperación Española, reforzando o establecido no V Plan Director da Cooperación Española nos seus obxectivos e liñas de acción: ODS 14 Vida submarina e L.A. 14.4.A. Apoiar programas de xestións sostible da pesca.	Contemplada	A Cooperación Galega é recoñecida pola Cooperación Española como especialista no eido pesqueiro e acuícola. Durante a elaboración do V Plan Director da Cooperación Española, a DXRREE e UE participou na súa elaboración e prestou unha especial atención ao recoñecemento do ODS 14 dentro do marco estratéxico e liñas de acción da Cooperación Española. Neste senso, a liña de acción 14.4.A. do V Plan Director alíñase co establecido no ámbito estratéxico 2 do IV Plan Director da Cooperación Galega.
CC11	§ 68. O reforzamento das relacións cos axentes portugueses é un desexo que se ven manifestando en diversos foros, pero o Plan non permite albiscar a forma na que este reforzamento se pode materializar. Debería concretarse dalgún xeito.	Contemplada	O reforzamento das relacións cos axentes portugueses de cooperación establecido na liña de acción 4.3 (§68) materializarase no apoio ás accións de colaboración transfronteiriza a través dos convenios anuais coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades integradas na RGCUD, en canto plataformas de axentes.
CC12	Débense promover espazos institucionais para a complementariedade, a coordinación e diálogo sobre a política pública de cooperación das diferentes administracións públicas galegas. A Cooperación Galega debería de dotarse dun espazo institucional para o diálogo de políticas de cooperación, a coordinación, a complementariedade e a harmonización administrativa. Suxírese a creación dun grupo de traballo específico no CONGACODE con representación da Xunta de Galicia, Deputacións e Concellos con política local de cooperación, Fondo Galego, FEGAMP, ONGD e persoas expertas.	Estimada parcialmente	Estudárase en diálogo co Fondo Galego e coa FEGAMP a oportunidade de creación dun grupo de traballo no CONGACODE no eido da cooperación local para o desenvolvemento co fin de promover a mellora da complementariedade, a coordinación, a concertación e a harmonización administrativa.

12. XESTIÓN DO COÑECEMENTO E CULTURA DE AVALIACIÓN			
XC1	Pensar modelos de cooperación. Vista a L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación, consideramos de interese reforzar este punto, facendo fincapé no traballo conxunto para situar á cooperación galega na vangarda. O obxectivo sería xerar capacidades autóctonas de reflexión nesta materia, facilitando a participación en redes e actividades internacionais neste campo que nos amplíen a perspectiva e faciliten a visibilidade do noso traballo.	Contemplada	Durante a vixencia do IV Plan Director promoverase a realización de estudos e investigacións co fin de reforzar o modelo galego de cooperación para o desenvolvemento e que se plasmará nun Plan Anual de Avaliacións e Estudos. Ao tempo, a convocatoria de investigación sobre desenvolvemento aspira a promover a xeración de capacidades endóxenas nesta materia, especialmente no eido universitario, e a xeración de redes entre grupos de investigación e persoal investigador e outros grupos e centros de investigación públicos ou privados. Ao tempo, a convocatoria permite a participación en redes e actividades internacionais para a visibilidade e transferencia de resultados.
XC2	Creo que é importante facer un maior fincapé na investigación, que debe contar cun parágrafo específico, significando a súa relevancia para que o sistema galego de cooperación acompañe os debates mais avanzados do sector. Non me refiro á investigación sobre o que se fai, análise e demais, senón sobre a profundización do modelo galego, na medida en que o haxa, e para acompañar a vangarda da reflexión sobre estes temas. Se chegamos a onde chegamos, a ver, por exemplo, a especialización no eido da lusofonía é porque "pensamos" sobre iso. Aí ten un papel a universidade e os think tanks como o IGADI.	Contemplada	
XC3	Poderíase estudar o caso de Mozambique, como exemplo de cooperación multiactor, multifinanciamento, para identificar un modelo para a actuación da cooperación galega cunha dimensión multiactor, multisectorial, fortalecemento institucional e de políticas públicas, cooperación entre administracións etc. Ao tempo, a cooperación galega debería de abordar un estudo por país respecto das súas prioridades sectoriais, modelo de actuación, socios, etc.	Estimada parcialmente	Durante a vixencia do IV Plan Director promoverase a realización de estudos e investigacións co fin de reforzar o modelo galego de cooperación para o desenvolvemento e que se plasmará nun Plan Anual de Avaliacións e Estudos. A determinación das temáticas dos estudos está pendente e farase en base ao interese para a Cooperación Galega. Co cal recóllese a suxestión do estudo de caso da Cooperación Galega en Mozambique. Por último, o estudo por país remítese ao marco establecido polos MAP da Cooperación Española. De todos os xeitos podería ser axeitado unha adecuación dos mesmos ás características singulares da Cooperación Galega.

XC4	Línea de acción de refuerzo de la cultura de evaluación. Incluir la formación como uno de los productos de esta línea de acción y en el texto en que se desarrolla esta línea.	Contemplada	Durante a vixencia do IV Plan Director está previsto realizar un estudo sobre as necesidades de fortalecemento e reforzamento de capacidade dos axentes galegos de cooperación, a partir do cal se determinará unha estratexia de fortalecemento no que se incluírán as actividades de formación. En relación á avaliación, os convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades integradas na RGCUD permitiría a formación no eido da avaliación se estas plataformas o coidan oportuno.
XC5	A nivel de acciones - productos quizás podría ser interesante incluir la realización de estudios y acciones de formación y divulgación que incrementen el conocimiento sobre innovación en cooperación y su aplicación en Cooperación Gallega y capacidades. Más allá, la promoción de la participación de todos los actores, creando espacios de concertación y plataformas de intercambio de información y apoyando a la incorporación del sector privado productivo y de servicios en el sistema a través de la generación de negocios inclusivos, transferencia de conocimientos, de la colaboración en proyectos de investigación a través de sus estrategias de RSE e internacionalización. Asimismo, la formación para la promoción de proyectos innovadores y multiactor dirigida a todos los actores, y de forma más específica reforzando las capacidades de aquellos sectores con menor experiencia en cooperación, pero con potencial de contribución a los ODS.	Contemplada	O IV Plan Director establece un marco de oportunidades para a innovación en cooperación para o desenvolvemento, tanto a través da convocatorias de axudas como do financiamento de estudos e investigacións (§ 72). Ao tempo, tamén se prevén medidas de promoción da concertación e traballo conxunto entre axentes de cooperación (§ 67 e 68). Sobre todo, o IV Plan Director ofrece un marco flexible que respecta a autonomía e liberdade dos axentes de cooperación á hora de deseñar as súas estratexia de acción individuais ou en agrupación con outros axentes públicos ou privados de cooperación.
XC6	¿Se podría plantear colaboración con Universidades extranjeras, tipo IDS-Sussex para gestión del conocimiento e investigación?	Contemplada	O IV Plan Director non exclúe o establecemento de alianzas de traballo dos axentes galegos de cooperación con centros universitarios ou de investigación estranxeiros. Este tipo de alianzas poderían ser recoñecidas a través do convenio das Universidades integradas na RGCUD ou da convocatoria de investigación sobre desenvolvemento
XC7	Promover un estudo específico do traballo en pesca e acuicultura e no ámbito mariño da Cooperación Galega	Estimada parcialmente	Durante a vixencia do IV Plan Director promoverase a realización de estudos e investigacións co fin de reforzar o modelo galego de cooperación para o desenvolvemento e que se plasmará nun Plan

			Anual de Avaliacións e Estudos. A determinación das temáticas dos estudos está pendente e farase en base ao interese para a Cooperación Galega. Co cal recóllese a suxestión do estudo de caso da Cooperación Galega no eido da pesca e acuicultura.
XC8	Precisar se se trata de avaliacións anuais en 2 países como mínimo, ou dun mínimo de 2 avaliacións-país ao longo da vixencia do IV Plan Director. Neste apartado de avaliación faise a proposta de que se inclúa a realización, no exercicio 2019, da avaliación da convocatoria de formación de expertos en cooperación ao desenvolvemento. Dado o número de persoas que teñen participado nestas accións ao longo dos últimos anos os resultados da avaliación poden ser interesantes de cara a mellorar ou mesmo incrementar, de ser posible, o número de prazas anuais.	Estimada parcialmente	Durante o IV Plan Director realizaranse como mínimo dúas avaliacións-país (§ 82). Ao tempo, tense incluído a realización dun estudo sobre o impacto da convocatoria de bolsas de formación de persoal experto (§ 23). En relación ao incremento das prazas anuais dependerá tanto das posibilidades financeiras como do número de persoas solicitantes cun perfil axustado á convocatoria.
XC9	Recoñécese a necesidade de desenvolver unha reflexión sobre a singularidade da cooperación universitaria ao desenvolvemento en Galicia e a súa achega específica ao sistema galego de cooperación especialmente en catro dimensións: <ul style="list-style-type: none"> – A creación de coñecemento e a súa transferencia, pero cunha conciencia de que no eido da cooperación hai que atender á transferencia social asumindo que o impacto da investigación vai máis alá do habitual no entorno da investigación científica. – A educación como aspecto chave transformador para un desenvolvemento integral (social, medioambiental, económico, cultural, etc.) máis axeitado ás necesidades do noso planeta, poñendo en valor a responsabilidade das universidades como axentes fundamentais para crear coñecemento, metodoloxías e ferramentas que creen sinerxías e incrementen o nivel educativo de todas as persoas no mundo. – A xeración de espazos para a reflexión estratéxica conxunta e para a articulación de posibilidades de traballo conxunto interuniversitarios. 	Contemplado	Durante a vixencia do IV Plan Director financiarase a realización dunha estratexia de ODS e cooperación galega universitaria para o desenvolvemento onde se reflexione sobre os diferentes aspectos sinalados nesta achega. A iniciativa desta estratexia será responsabilidade das Universidades integradas na RGCUD.

	– A identificación dos espazos onde pode desenvolver función específicas no eido da formación en Galicia: deseño curricular, cursos de formación e innovación docente, cursos ao profesorado en formación, formación especializada, etc.; e tamén na actuación en proxectos de formación especializada nos países menos adiantados.		
XC10	A cooperación galega debería de apostar por iniciar procesos de medición de impacto das súas intervencións. Para isto sería necesario abordar procesos de formación do persoal técnico dos axentes de cooperación e tamén desenvolver iniciativas piloto de avaliación en termos de impacto.	Contemplada	O IV Plan Director aposta pola avaliación na súa liña de acción 5.4 (§ 72) e financiará avaliacións dos proxectos financiados. Os mandatarios destas avaliacións será a DXRREE e UE ou os axentes de cooperación. Xa que logo, a posta en marcha de avaliacións de impacto sería factible dentro do Plan Anual de Avaliacións e Estudos da Cooperación Galega previsto neste Plan Director.
XC11	Resulta necesario e imprescindible para o sector galego de cooperación contar con espazos de encontro, socialización, rendición mutua de contas, presentación de resultados co fin de visibilizar os logros da cooperación galega, facilitar a aprendizaxe mutua e a xeración de novas oportunidades de colaboración mutua entre a diversidade de axentes e actores de cooperación. Ao tempo, deberá promoverse a presentación de boas prácticas e aprendizaxes dos erros, así como os efectos multiplicadores xerados polas agrupacións de axentes (Parágrafo § 77).	Contemplada	O IV Plan Director fomentará espazos para a rendición de contas, o intercambio de experiencias, aprendizaxes, boas prácticas e para a socialización entre os axentes e actores de cooperación, tal e como figura no § 72 e 81. A estes espazos poderán convidadas entidades sociais ou aquelas que “non forman parte do núcleo tradicional da cooperación” co fin de coñecer as iniciativas pioneiras e fomentar a construción de confianza mutua entre os axentes de cooperación.
13. TRANSPARENCIA E RENDICIÓN DE CONTAS			
TR1	Todos los agentes, debemos hacer más hincapié en la transversalidad de la comunicación y visibilidad de los proyectos.	Contemplada	Durante a execución do IV Plan Director reforzarase e rendición de contas á cidadanía mediante a difusión pública dos seus logros colectivos tal e como se establece na liña de acción 6.1 (§ 76).
TR2	Habría que mejorar esta área de información a la ciudadanía pues todavía hay mucha desinformación y poco conocimiento de lo que se hace. Tal vez socializarlo a través de escuelas y universidades pues debería ser más visible todo lo que hace Cooperación Galega, también porque tendría un efecto positivo de cara a gente que se	Contemplada	Esta acción complementarase co establecido na liña de acción 5.4. relativa á cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación. Neste senso, os proxectos financiados pola DXRREE e UE levan consigo a obriga de difundir

	quiera dedicar a este sector.		publicamente os seus resultados á cidadanía. Ao tempo, tamén inclúen a obriga de entregar á DXRREE e UE as avaliacións dos proxectos, moitas das cales son difundidas na sección de “proxectos e avaliacións” da web da Cooperación Galega.
TR3	Reforzar a difusión pública do impacto e resultados dos proxectos financiados pola Cooperación Galega.	Contemplada	
TR4	<i>R.X.5. L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos actores e axentes de cooperación.</i> No caso da L.A.5.4. debería incluírse a obriga de facilitar ás Dirección Xeral de Cooperación Exterior un resumo executivo das conclusións da avaliacións que as ONGD e os outros axentes de cooperación realicen dos seus proxectos (avaliacións de carácter obrigatorio ao superar determinado nivel de financiación) e que se podan facer públicos na web cooperaciongalega.org (indicador: número de avaliacións postas a disposición da cidadanía). Ao tempo, sería desexable contar cun evento presencial no que se mostre o traballo realizado financiado polas convocatorias públicas da Dirección Xeral de Relacións Exteriores. Este evento, ademais, debería facilitar a xeración de sinerxías entre os axentes e fomentar novas oportunidades de traballo conxunto, máis ambiciosas e eficientes.	Contemplada	Por último, promoverase a celebración de encontros abertos á cidadanía para a socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos actores e axentes de cooperación (§ 72).

14. MARCO DE RESULTADOS


MR1	RX1. L.A.1.1. Podería ser de interese reforzar a idea de asegurar e reforzar a participación de tódolos actores de cooperación mediante o fomento de accións de cooperación inter-actor?	Contemplada	A coherencia de políticas de desenvolvemento sostible debe de constituír un horizonte compartida polo conxunto de axentes e actores do sistema galego de cooperación. Non obstante, á Administración pública galega correspóndelle unha responsabilidade central por canto debe trasladar ao conxunto de políticas públicas o marco definido pola Axenda 2030 das Nacións Unidas. Xa que logo, o IV Plan Director apoia a iniciativa da Administración autonómica na integración institucional e de forma transversal dos ODS.
MR2	RX4. L.A.4.2. Creo que é tamén importante reforzar o traballo con actores económicos-sector público. Promover espazos de	Contemplada	Na liña de acción 4.2 defínese un marco global para a promoción da actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de

	colaboración e intercambio de información realizar un esforzo de formación y divulgación sobre la participación e integración de todos los actores de cooperación. Quizás sería interesante hacer referencia a todos los actores.		cooperación, tanto públicos como privados. A mención do Fondo Galego débese ao seu protagonismo como axencia supramunicipalista de cooperación e como interlocutor estratéxico coas entidades locais galegas.
MR3	R.X.4. L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos actores e axentes galegos de cooperación. Debería deseñarse algún tipo de indicador da calidade das agrupacións para que sexan agrupacións reais, cun contido real e de traballo conxunto. Debería estudarse a posibilidade de fomentar a creación de redes de investigación en cooperación ao desenvolvemento no SUG mediante financiación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.	Contemplada	A valoración da calidade das agrupacións realízase na fase de valoración dos proxectos tanto nos convenios como nas convocatorias públicas de axudas. Por outra banda, a revisión da xustificación dos proxectos tamén analiza a calidade das devanditas agrupacións. De feito, moitos proxectos presentados en agrupación, non son financiados por que a valoración das entidades agrupadas e da agrupación revela limitacións sobre a viabilidade, pertinencia e calidade da mesma. A creación de redes de investigación en cooperación no SUG debe ser unha iniciativa das Universidades e dos seus grupos de investigación e que podería ser apoiado desde o convenio da DXRREE e UE coas Universidades integradas na RGCUD-
MR4	RX5. L.A.5.3. se refiere a los convenios de la 5.2? Se podría incluir también a otras organizaciones diferentes a las anteriores que pudieran presentar planes de formación y divulgación relacionadas con 5.3?	Contemplada	Os convenios mencionados na liña de acción 5.3 refírense aos convenios enumerados en 5.3. Esta mención débese a que a actividade de formación e capacitación dos axentes está desenvolvida fundamentalmente por estas plataformas (Fondo Galego, Coordinadora Galega e RGCUD). De todos os xeitos, poderíase estudar os plans de formación presentados por entidades diferentes das mencionadas para analizar a súa coherencia, pertinencia e calidade, e posteriormente o medio de financiamento ou a súa integración nos plans de formación e capacitación das devanditas plataformas.
MR5	RX5. L.A. 5.6. ¿Con formación y divulgación sobre oportunidades? ¿Se podrían incluir acciones de divulgación e información y de oportunidades y de cómo acceder?	Contemplada	A DXRREE e UE ten financiado accións formativas neste eido a través da RGCUD. Ao tempo, correspondería ás plataformas (CGONGD, Fondo Galego, RGCUD) ofrecer información sobre as oportunidades de financiamento e formación sobre as mesmas. Estes servizos serían financiados a través dos correspondentes convenios coa DXRREE e UE.

MR6	I.5.2.1. Incluye como indicador el nº de convenios, sin cuantificar Esta falta de concreción se repite en otros indicadores	Contemplada	A falta de indicación dunha cantidade precisa derívase de que a concreción anual do número de convenios e doutras actuacións resulta imposible de predeterminar nun horizonte temporal de catro anos.
MR7	R.X.5. L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos actores e axentes galegos de cooperación. Debe terse en conta o número de persoas participantes nas accións e o estamento de procedencia.	Contemplada	No informe anual da Cooperación Galega e nas avaliacións intermedia e final dos Plans Directores analízase o número de persoas participantes. En canto ao estamento de procedencia, corresponde ás entidades organizadoras das actividades de formación e capacitación que estas se correspondan cos públicos destinatarios das actividades.

5. Resume do resultado de decisión

DECISIÓN	TOTAL	%
Contemplada	58	47 %
Contemplada parcialmente	12	10 %
Estimada	22	18 %
Estimada parcialmente	18	15 %
Desestimada	12	10 %
Total	122	100 %



En total, un 90% das 122 achegas recibidas durante esta segunda fase de consulta pública foron valoradas positivamente pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, de tal xeito que se integrarán ben na estrutura e narrativo do proxecto do IV Plan Director da Cooperación Galega ben durante a execución do mesmo.